Sobre o resultado da aplicación do protocolo establecido pola Xunta de Galicia para regular o uso dos móbiles durante o tempo de lecer nos centros educativos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16244 (12/POC-002622)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 8 máis

Sobre a situación actual en España das probas da avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU)

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16246 (12/POC-002623)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis



Sobre os primeiros resultados do acordo sindical asinado pola Xunta de Galicia o 11 de outubro de 2023 para a mellora estrutural do sistema educativo galego

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16248 (12/POC-002624)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre as políticas de mellora da rede de infraestruturas educativas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16252 (12/POC-002625)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre as medidas que prevé implementar a Xunta de Galicia para resolver o déficit de profesorado co mestrado requirido para cubrir a docencia de varias especialidades de Formación Profesional e que o alumnado poida realizar as prácticas con garantía de coñecementos e capacidades

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16256 (12/POC-002626)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre o investimento previsto para a construción da nova Facultade de Farmacia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16258 (12/POC-002627)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre a consolidación do ensino do portugués como lingua estranxeira en Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16264 (12/POC-002628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre o acordo de libre comercio UE-Mercosur e as medidas previstas polo Goberno galego orientadas á salvagarda do sector agrogandeiro galego ante a ameaza que supón o devandito acordo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16266 (12/POC-002629)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre o balance das liñas de actuación no ensino en materia de linguas estranxeiras

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16269 (12/POC-002630)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre os criterios da Xunta de Galicia á hora de decidir os centros en que se realizan obras de mellora das súas infraestruturas, a súa planificación e a situación das instalacións do CEIP Santiago de Oliveira, de Ponteareas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16272 (12/POC-002631)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o desenvolvemento da Estratexia galega de convivencia escolar 2025

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16274 (12/POC-002632)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o desenvolvemento da Estratexia de educación dixital 2030

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16281 (12/POC-002634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o modelo de xestión do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16284 (12/POC-002635)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as condicións do traslado das profesionais e dos profesionais da avogacía e da procuradoría ao réxime especial de traballadores autónomos (RETA) da Seguridade Social

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16286 (12/POC-002636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Insua Lema, Óscar

Sobre o nivel de uso das novas tecnoloxías dixitais pola poboación galega e as políticas previstas pola Xunta de Galicia para estender a súa capacitación e competencias neste campo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16288 (12/POC-002637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os criterios de outorgamento de prazas de estacionamento nos espazos reservados para vehículos oficiais nas inmediacións do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ourense

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 16291 (12/POC-002638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as perspectivas que ten o Goberno galego para esta lexislatura respecto das reformas, no aspecto cualitativo e cuantitativo, da planta local, o estado dos estudos encargados nesta materia e o eventual impulso de entidades supramunicipais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16293 (12/POC-002639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre a natureza das funcións que están a desenvolver os auxiliares de policía local da Laracha

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16295 (12/POC-002640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a calidade da atención na residencia de maiores do Cornubal, no Carballiño, e as demandas laborais do seu persoal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16297 (12/POC-002641)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a evolución da presenza da lingua galega na actividade da Escola Galega de Administración Pública e as medidas que o Goberno galego prevé pór en marcha para que incremente o seu uso na formación que imparte e cumpra o establecido no Plan xeral de normalización lingüística

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16298 (12/POC-002642)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre o número de procedementos penais ou civís tramitados nos órganos xudiciais galegos desde 2015 a 2020 por intromisións non consentidas en vivendas e as consultas atendidas polo Consello da Avogacía Galega nesta materia en virtude do convenio asinado co IGVS en 2020

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nas normas de funcionamento da Comisión de Control da Compañía de Radio-Televisión de Galiza e do artigo 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG polo trámite de urxencia**, sobre a difusión de mentiras nos servizos informativos da TVG.

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase na necesidade de que a dirección da CRTVG dea conta canto antes no Parlamento da difusión de mentiras nos servizos informativos da TVG.

Exposición de motivos

No Telexornal Mediodía da TVG o 10 de xaneiro de 2025 aconteceu o seguinte:

Tres días despois do acto organizado pola Fundación Castelao no Panteón de Galegas e Galegos Ilustres co gallo do cabodano da morte de Castelao, emitíuse entre o avance meteorolóxico e a sección de deportes a seguinte información:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xornalista: Neste ano dedicado a Castelao a Xunta está organizando actividades para lembrar a figura deste galego universal. Nun destes primeiros actos, organizado pola Fundación Castelao, non estivo o BNG. Para o conselleiro de Cultura trátase dunha triste noticia.

A seguir procédese ao inserto das declaracións do conselleiro que insiste na mesma idea.

É obvio que o que se di é total e absolutamente mentira e a CRTVG sábeo ou debera sabelo porque cubriu ese acto tendo imaxes nas que se poden ver as persoas que asistiron en representación do Bloque Nacionalista Galego. Entre elas: a alcaldesa de Compostela e a viceportavoz parlamentaria do BNG, membros da Executiva Nacional, dúas deputadas provinciais da Coruña e Lugo e a tenente de Alcaldía de Santiago.

A TVG non só fixo propia a mentira do conselleiro de Cultura da Xunta senón que non contrastou nin o máis mínimo a información que emitiu pois tiña imaxes propias do acto ao que deu cobertura días antes.

É gravísimo o que aconteceu razón que motivou a solicitude de rectificación por parte do BNG con arranxo ao disposto na Lei Orgánica que regula este dereito así como a petición dunhas desculpas públicas diante das galegas e galegos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta na Comisión de control da CRTVG polo trámite de urxencia:

- Como é posible que a TVG difunda unha mentira no Telexornal?





- Por que non se contrasta a información que se vai difundir?
- Que medidas adoptou ou pensa adoptar a CRTVG para que non volva acontecer algo así?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Iago Suárez Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2025 10:14:09

Alexandra Fernández Gómez na data 13/01/2025 10:14:20

Iago Suárez Fernández na data 13/01/2025 10:14:26

Daniel Castro García na data 13/01/2025 10:14:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2025 10:14:41





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Cecilia Vázquez Suárez, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen Pomar Tojo, Paula Mouzo, Paula Prado del Río, María Felisa Rodríguez Carrera, Katherinie Varela Fernández, Cristina Sanz Arias e Rubén Lorenzo Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión **5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** a tramitar polo **procedemento de urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia que os centros de información á muller teñen no desenvolvemento de políticas de proximidade en apoio da igualdade e na loita contra a violencia de xénero

A Xunta de Galicia porá en marcha ao longo deste ano -2025- o plan integral de actuación para a renovación e impulso dos centros de información ás mulleres (CIM) en Galicia.

Os CIM, de titularidade municipal, son un recurso fundamental para o acompañamento das mulleres, a promoción da igualdade nos concellos galegos, a atención de vítimas de violencia de xénero, e o acompañamento ás persoas LGTBI.

Estes centros proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, información en materia de recursos e asesoramento e orientación social.

En Galicia existen 84 CIM que dan servizo a preto de 200 concellos e proporciónase unha atención integral e de proximidade a máis de 16.700 persoas cada ano.

O Goberno galego sempre foi consciente da importante función e da prioridade do traballo das profesionais dos CIM, por iso, comprometeuse a seguir ampliando o seu apoio co obxectivo de mellorar as condicións laborais das profesionais e a atención que se ofrece desde cada un dos centros. E todo iso, poñendo especial énfase no rural.

De feito de cara o ano en curso, 2025, o Goberno galego increemntou o apoio económico anual para estes centros nun 30,6% superando os 6,5 millóns de euros, e avanzou a posta en marcha do plan integral para impulsar a actividade destes



centros, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.

É por iso polo que, as deputadas e deputados do Grupo Popular asinantes, formulamos a seguinte pregunta:

1. Cales son as liñas básicas do plan integral de actuación para a renovación e impulso do CIMs?
2. En que se beneficiarán, tanto a usuarias como a traballadoras destes centros da posta en marcha do devandito plan?.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 13/01/2025 17:55:10

Noelia Pérez López na data 13/01/2025 17:55:57

Ethel Vázquez Mourelle na data 13/01/2025 17:56:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2025 17:56:24

Víctor Baladrón Lamas na data 13/01/2025 17:56:56

Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2025 17:56:58

Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/01/2025 17:58:31

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2025 17:59:01

Cecilia Vázquez Suárez na data 13/01/2025 17:59:12

Julio García Comesaña na data 13/01/2025 18:02:58

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2025 18:03:38

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2025 18:03:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 17081
Data envío: 13/01/2025 18:06:35.013

Paula Mouzo Mas na data 13/01/2025 18:04:19

Paula Prado del Rio na data 13/01/2025 18:04:28

María Felisa Rodriguez Carrera na data 13/01/2025 18:04:50

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2025 18:05:07

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2025 18:05:17

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2025 18:05:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B6P5TRBQ423KOC6U0C2-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Iago Suárez e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre as medidas a tomar para reverter a situación de saturación da Atención Primaria.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta se posicione canto antes no Parlamento sobre as medidas que vai tomar para reverter a situación de saturación da Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como cada inverno o aumento das infeccións respiratorias está a pór ao límite os servizos sanitarios en Galiza, xa de por si nunha situación de saturación permanente. De novo estamos vendo atrasos inaceptábeis nas citas de Atención Primaria, con listas de agarda de unha, dous e até máis de tres semanas para consultar ao médico de familia.

Estes atrasos nos centros de saúde para ver aos médicos de familia están tendo como consecuencia que numerosas persoas acudan aos servizos de urxencia, saturando aínda máis os PACs, hospitais e unidades especializadas en enfermidades respiratorias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De novo ponse en evidencia a falta de planificación estrutural que ten o sistema sanitario público na Uci, ponse en evidencia a ausencia de reforzos de medios humanos e materiais, en situacións previsíbeis, como o que nos ocupa, que se repite cada inverno.

A principios do mes de decembro o Presidente da Xunta tras o Consello da Xunta anunciou o Plan Galego de Saúde invernal 2024-2025. Anunciaba que a gran novidade era unha rede de farmacias sentinela e un modelo matemático que servirá para prever necesidades sanitarias derivadas de infeccións respiratorias agudas, e que Plan suporía un investimento extraordinario de 8 millóns de euros en persoal

É máis que constatábel que estamos ante un problema estrutural que vai máis aló dos picos estacionais. Os colapsos polo aumento de procesos respiratorios soluciónanse con planificación e recursos, cuestións das que o PP nin se ocupa nin se preocupa.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

En que consistiron as medidas postas en marcha polo Sergas dentro do Plan Galego de Saúde invernal 2024-2025?

Cantos recursos foron mobilizados, desagregados dos por centros?

Cal foi o destino dos 8 millóns de euros previstos para persoal: número de profesionais, desagregados por categorías, centros e servizos e tempo dos contratos?

Considera o Sergas que ter convertido en norma as intersubstitucións, as prolongacións de xornada para que unha profesional faga o traballo de 3, 4 os que fagan falta, permite unha asistencia sanitaria de calidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir?

Cal é o número de xubilacións que se van a producir nos vindeiros cinco anos e a previsión de cobertura das mesmas?

Cantos son @s galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello?

Cantos son @s profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías?

Cal é o número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais?

E o número medio de doentes que están atendendo cada día?

Cal é a porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2025 18:28:11

Ariadna Fernández González na data 13/01/2025 18:28:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández na data 13/01/2025 18:28:21

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2025 18:28:33

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2025 18:28:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a reiterada redución orzamentaria da AGADIC e a adecuación do seu proxecto para o ano 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presentación do proxecto de lei de orzamentos para 2025 por parte do goberno do PP descubriu que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude se estreaba nesta lexislatura como a última a nivel orzamentario.

O proxecto para as áreas de cultura, lingua e xuventude son as que contan con menor orzamento do goberno galego, poñendo fin á expectación creada por Rueda no comezo da lexislatura. A cultura, a lingua e a xuventude apenas ocupan a centralidade do titular da consellería mais non do proxecto de goberno de país para o presidente da Xunta.

Malia o cativo aumento global para 2025 desta consellería, a respecto do orzamento de 2024, son moitas as partidas vinculadas á cultura galega que se ven recortadas ano tras ano.

Un exemplo é a que corresponde coa AGADIC que, ano tras ano, perde capacidade económica para impulsar as industrias creativas galegas, o principal obxectivo para o que foi creada en 2008.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao tempo que cada vez son máis recoñecidas nacional e internacionalmente as industrias culturais galegas polo excelso talento e capacidade creativa senlleira, a AGADIC, por unha banda, leva anos actuando por inercia e repetición dalgunhas das medidas impulsadas na orixe e, pola outra, mingando recursos e oportunidades aos seus principais eixos de actuación: as convocatorias anuais de subvencións ás industrias culturais, a xestión de circuitos estables de exhibición de espectáculos e as iniciativas de difusión da cultura galega fóra das nosas fronteiras, sen esquecer o labor de produción, programación e formación continua que leva a cabo através do Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego e Fimoteca de Galiza.

Especialmente relevante é a irrelevancia dos dous principais centros de produción, CDG e CCG, condenados á asfixia económica ano tras ano e a deixades a respecto do arquivo filmico histórico galego que conserva a Fimoteca de Galiza, sen dirección durante os últimos cinco anos, cun cadro de persoal recortado, carente do proxecto pedagóxico tan importante que chegou a desenvolver, sen acceso aos fondos documentais bibliotecarios e sen o necesario proxecto de dixitalización dos mesmos, entre outras eivas.

Analizado o proxecto de orzamentos xa aprobados co único apoio do PP, comprobamos como a partida para a AGADIC volve baixar por terceiro ano consecutivo até unha cifra moi pouco superior ao orzamento de 2012, coa aminoración de recursos que iso implica de lle sumarmos o peso da inflación.

A memoria descritiva tampouco achega novas claves do proxecto da AGADIC para 2025 que permitan consolidar as estruturas existentes ou ensanchar as posibilidades das industrias culturais galegas con novas liñas de actuación dentro e fóra de Galiza. O apoio á internacionalización da cultura galega seguirá a ser materia pendente para o goberno do PP na Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Como vai afectar ao proxecto da AGADIC a nova redución de orzamento para o 2025 por terceiro ano consecutivo?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/01/2025 10:00:45

Daniel Castro García na data 07/01/2025 10:00:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta activar medidas que axuden
a reverter a actual situación de emerxencia lingüística en que se encontra o galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos de coñecemento e uso do galego publicados no mes de novembro de
2024 polo Instituto Galego de Estatística pasarán á historia da sociolingüística galega
como o retrato dunha situación moi preocupante para o futuro da lingua galega.

Estes datos reflicten que, por primeira vez en trece séculos de historia, a lingua
galega deixa de ser maioritaria no uso social e as xeracións máis mozas, as menores de
14 anos, cada vez a usan menos e ademais, como novidade, 1 de cada 3 recoñecen
problemas de competencia, polo que non se senten capaces de falala nada ou case nada.

Todos os datos apuntan unha nova perda de falantes e, aínda que os factores
causantes son diversos, todas as fontes académicas autorizadas apuntan a un elemento
común: a función desgaleguizadora da escola desde a imposición unilateral do PP do
Decreto 79/2010 do plurilingüismo que, 15 anos despois, se confirmou que cumpriu os
seus obxectivos políticos: avanzar no proceso de substitución lingüística e,
consecuentemente, no monolingüismo en castelán.

As consecuencias da imposición dese Decreto da vergoña en 2010, en contra dos
movementos sociais e das institucións académicas, estatutarias e pedagóxicas, non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sorprenden porque xa foron advertidas desde a súa aprobación, foron matizadas en parte por sentenzas xudiciais e reiteradas ao longo dos anos.

A presión social só atopou ao longo dos anos o silencio e o desprezo por parte do goberno, así como a irresponsabilidade política incumprindo o goberno a súa propia lexislación ao se negar a avaliar o propio decreto anualmente, no fin de cada curso académico.

O negacionismo apropiouse do PP máis antigaleguista da historia até tal punto que mesmo na actualidade o goberno, ante a evidencia dos datos científicos, segue a negar que o galego está nunha preocupante situación de emerxencia lingüística tal e como evidenciou a sociedade de forma clamorosa nunha nova manifestación a favor do galego celebrada o pasado día 17 de novembro, convocada pola plataforma Queremos Galego.

A Real Academia Galega fixo pública unha declaración institucional após estudar con detalle o resultado da enquisa do IGE. As conclusións non poden ser máis contundentes: “Estas cifras ofrecen unha proba rotunda das consecuencias do decreto chamado do plurilingüismo de 2010 e en xeral do abandono das políticas de protección do galego: incremento do monolingüismo en castelán e diminución tanto da competencia en galego canto do seu uso”.

A RAG tamén expón que este “proceso de substitución lingüística gañou un ímpeto extraordinario ao longo do presente século (...) un feito obxectivo que pon en grave risco a continuidade do idioma”.

Consonte os resultados de diferentes estudos elaborados pola RAG ao longo dos últimos anos que xa viñan concluíndo o efecto desgaleguizador do ensino, de novo a máxima institución do estudo da lingua ratifica que “o modelo educativo actual non está





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprindo o mandato da Lei de normalización lingüística” a respecto da consecución da dobre competencia en galego e castelán ao final da escolaridade obrigatoria.

Finalmente, malia toda a sociedade galega ser responsábel da situación lingüística actual, a RAG sinala que o responsábel fundamental “é quen detén o goberno e dispón, xa que logo dos mecanismos de actuación e planificación, A primeira responsabilidade é, por tanto, do goberno galego”.

A situación extremadamente preocupante que identifica a RAG é compartida polo BNG, mais tamén partillamos a convicción de que é reversíbel se se actúa con celeridade, de forma coordinada desde diferentes accións dialogadas e participadas atendendo as propostas que emanan da propia sociedade.

Impulsar no curto prazo un conxunto amplo de medidas, como as que seguen vixentes no último gran pacto pola lingua que representeou o Plan xeral de normalización da lingua galega (2020), incluíndo o imprescindible cambio de modelo educativo de cara ao vindeiro curso escolar é irrenunciábel se nos queremos comprometer de verdade co futuro vizoso para a nosa lingua propia e oficial.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Como vai responder o goberno da Xunta ao *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023* elaborado pola RAG?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/01/2025 10:53:54

Iria Taibo Corsanego na data 07/01/2025 10:54:32

Daniel Castro García na data 07/01/2025 10:55:04





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Na XI lexislatura, no Debate do Estado da Autonomía, o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** presentou unha resolución que apoiaba a gratuidade das primeiras matrículas universitarias, así mesmo, defendemos na Sesión Plenaria do 10 de abril de 2019 unha **proposición non de lei** que instaba ó Goberno Galego a garantir a gratuidade de devanditas matrículas.

Todas as iniciativas foron rexeitadas co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular, afectando negativamente ó conxunto dos e das estudantes de Galicia. Tras a subida do custe da vida xeral, por mor da pandemia da COVID-19 e a posterior situación económica, o Goberno de España aumentou a contía das bolsas universitarias para facilitar o acceso á educación superior e agora é o momento de que o Goberno galego colabore na mellora da situación do estudantado galego.

A educación superior ten que entenderse como un dereito individual ó igual que a educación primaria e secundaria e, como tal, consideramos que debe estar cuberta para as familias galegas. Os e as socialistas entendemos que o Goberno Galego ten que axudar á xente moza a acceder á educación universitaria a través das primeiras matrículas gratuítas nos graos e nos mestrados, así como, unha redución do cincuenta por cento nas segundas matrículas ó entender que os suspensos non reiterados non poden supoñer un impedimento económico para o remate dos estudos, constituíndose como un problema para as familias galegas.





A gratuidade da primeira matrícula en títulos de graos xa está implantada nos países máis avanzados economicamente de Europa. Países como Austria, Dinamarca, Finlandia, Noruega e Suecia avalan a posta en marcha desta medida. No Estado temos o caso da Comunidade Autónoma de Andalucía que, dende 2017, bonifica o noventa e nove por cento de cada crédito aprobado o ano anterior.

A ampliación cara os mestrados ven referendada polo aumento da importancia que estes teñen para unha mellor inserción no mercado laboral e por ter en moitos casos carácter obrigatorio para acadar competencias profesionais en carreiras técnicas, Enxeñerías e Arquitectura, ou exercicio profesional como poden ser os mestrados de avogacía ou de profesorado de secundaria.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno de Galicia que a gratuidade das primeiras matriculas dos graos deben estenderse tamén as matriculas dos mestrados? Que ten pensado para as segundas e sucesivas matriculas?
2. Como pensa compensar a perda de ingresos das universidades do SUG coa gratuidade das primeiras matrículas? Como afecta esta compensación ao PFSUG ao seu peso sobre porcentaxe do PIB dedicado a Educación Universitaria?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:03:32
Nº Rexistro: 16147
Data envío: 07/01/2025 11:03:32.827

3. Tendo en conta e que prezos públicos das taxas é o 15 % do custe real da matrícula e que este último está conxelado dende fai mais de 10 anos, ten pensado o Goberno da Xunta actualizar o custe dos estudos universitarios ao incremento do IPC neste período?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 11:34:00

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 11:34:17

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57775

@PSdeG



CSV: B6P1S1R8D3k4p2060Gz13
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:03:50
Nº Rexistro: 16148
Data envío: 07/01/2025 11:03:50,764

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

É un feito obvio e perfectamente coñecido que a produción marisqueira da ría de Arousa, a mellor do mundo neste aspecto, vén amosando un descenso demoledor na última década e acentúase nos últimos anos. No ano 2022 varios conxuntos de colectivos dependentes da actividade marisqueira (confrarías, mariscadoras, bateiros e grupos ecoloxistas) alertaron dunha baixada xeral en todas as especies, que pode superar o 70 % nalgunhas delas como ameixa ou berberecho.

Ante este escenario, os colectivos dependentes do mar demandaron medidas de rexeneración da ría e o afrontamento serio e decidido por parte do Goberno de Galicia, a través da Consellería do Mar, para estudar con profundidade e ser quen de saber o que realmente está a ocorrer. Durante os últimos anos estes colectivos veñen apuntando á necesidade de rexenerar os espazos de marisqueo, propoñendo dragaxes da ría para solucionar os problemas derivados da acumulación de area na saída do río e modificar as correntes que prexudican ás especies.

Máis alá destas propostas, non existen tampouco explicacións nítidas por parte da Consellería do Mar que permitan ter unha posición de referencia para coñecer as medidas necesarias e poder afrontar solucións con garantías. O Parlamento de Galicia ten sido sede de numerosos debates a preguntas e propostas da oposición sobre estas cuestións, nos que o Goberno manifesta a súa percepción de satisfactorio rendemento das rías galegas e, especialmente, no caso da ría da Arousa. Esta inconsistencia entre o que apunta o sector dependente do marisqueo e o Goberno de Galicia dificulta a posibilidade de encarar as





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:03:50
Nº Rexistro: 16148
Data envío: 07/01/2025 11:03:50,764

necesidades para a mellora dunha produción que hoxe sitúase en niveis que poñen en perigo a continuidade da actividade.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno de Galicia que pode seguir mantendo a súa posición inmóbil ante o problema da falta de produción marisqueira que están alertando tantos colectivos do sector?
2. Cando vai o Goberno de Galicia a afrontar con decisión o problema da perda de produción marisqueira nas rías galegas e, en especial, da ría de Arousa?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 11:35:42

Carlos López Font na data 05/01/2025 11:35:51





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A educación é un dereito básico e tal e como recolle a Constitución “gratuíto” pero en Galicia esta máxima non é unha realidade cando o gasto en libros e material supón un esforzo económico elevadísimo e en moitos casos inasimilable. O artigo 27.4 da Constitución española establece que “O ensino básico é obrigatorio e gratuíto” e a favor de incluír os materiais curriculares obrigatorios, os libros de texto, se teñen pronunciado todo tipo de institucións e colectivos como O Defensor do Pobo, O Consello Escolar do Estado, ANPA e sindicatos. O presidente do PP, Alberto Núñez Feijóo reclamaba no comezo do actual curso escolar ao Goberno do Estado a ampliación do fondo estatal para a axuda na compra de libros de texto ata os 100 millóns. Un suposto interese polas familias que afrontan un difícil inicio de curso que choca de maneira frontal coas políticas que vén aplicando o PP ao fronte da Xunta de Galicia nestes últimos anos. Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á presidencia da Xunta decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño.

Dende aquela e tal e como o Grupo Socialista vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP ineficaz e insuficiente. Nun contexto económico especialmente delicado, o Grupo Socialista insiste na súa demanda de recuperar de inmediato a gratuidade universal dos libros de texto e material. O actual sistema mostrouse claramente insuficiente nos últimos cursos escolares,





cando os requisitos esixidos para poder ter dereito á gratuidade de libros de texto exclúe a numerosas familias cuxas condicións económicas víronse ademais deterioradas pola pandemia mundial do coronavirus Covid19 ou polo incremento de prezos neste curso. Na actualidade o sistema de "Banco de Libros" co modelo de préstamo e reutilización está difundido en case todas as Comunidades Autónomas e son xa moi poucas as que manteñen o modelo de bolsa ou axuda económica para adquisición de libros. Baixo este modelo está a implantarse paulatinamente a gratuidade para as familias, o que segundo distintos estudos supón o aforro de entre 200 e 300 euros por alumno ou alumna. As Comunidades de Andalucía, Comunidade Valenciana, Estremadura, Madrid e Navarra contan cun programa de gratuidade dos libros de texto nas etapas do ensino obrigatorio para todo o alumnado establecido por lei, e por tanto converténdoo nun dereito. Igualmente, este programa de gratuidade de libros de texto está a implantarse paulatinamente desde o curso 2018-2019 na Ríoxa finalizando no presente curso 2022-2023 conforme ao establecido na Orde EDC/13/2021, do 29 de marzo, pola que se modifica a Orde EDU/39/2018, do 20 de xuño, pola que se regula o programa de gratuidade de libros de texto e as axudas destinadas a financiar a adquisición de libros de texto, nos centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinos de carácter obrigatorio no ámbito territorial da Comunidade Autónoma da Ríoxa, na redacción dada á mesma pola Orde EDC/40/2020, do 15 de xullo. Deste xeito, progresivamente, e dependendo das decisións de cada Comunidade Autónoma, vaise cumprindo o mandato constitucional sobre a gratuidade do ensino en España.

Na nosa Comunidade Autónoma cabe lembrar que a reivindicación da gratuidade dos libros de texto foi constante por parte do PSdeG-PSOE, e neste contexto, as familias galegas non poden quedar como cidadás e cidadáns de segunda ante o avance da completa gratuidade dos libros de texto que se está producindo en España. Por iso corresponde dar o paso decisivo e regular por lei o dereito de todos os alumnos e alumnas galegas a contar coa gratuidade





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:04:52
Nº Rexistro: 16150
Data envío: 07/01/2025 11:04:52.421

de todo o material curricular didáctico obrigatorio xa sexa impreso ou dixital, sen establecer barreiras ou límites económicos.

Manter a negativa desde a Xunta é manter un agravio importante das nosas familias respecto ás dunha boa parte do conxunto do Estado e tamén entre diferentes localidades da nosa comunidade en función das decisións e apoios que están a habilitar segundo o seu concello como pode ser o caso do de Vigo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Considera xusto para as familias galegas que quedan fóra do sistema de axudas da Xunta de Galicia asumir o gasto de libros de texto e material cando a gratuidade é asumible e existe en moitas comunidades autónomas do conxunto do Estado?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 11:36:37

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57780

@PSdeG



CSV: B6PISU8D3azsk0E8K8g-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:04:52
Nº Rexistro: 16150
Data envío: 07/01/2025 11:04:52.421

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 11:36:46

CSV: B6PISJTB9GazysK0JF8K5g-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57781

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O noso rural, tal como foi, tal como aínda pode ser, é fonte de riqueza permanente, seguridade de supervivencia nosa, propia, e un medio útil, achegado e real de mantemento da poboación no lugar a onde pertencemos, que, non nos enganemos, é a principal arela do ser humano, vivir onde nacemos e medramos, aínda que estea ben coñecer o resto do mundo mentres tanto. Pero para que isto ocorra temos que prestarlle atención, porque deixalo á deriva, tal e como se ven facendo dende hai demasiadas décadas, trae de seu o que está pasando: o rural morre. Pero non morre porque se esgote, morre porque o matan outros intereses a curto prazo case nunca ben intencionados". Son palabras coas que desde as Anpas galegas reivindicamos algo tan básico e xusto como que as nenas e nenos do rural galego poidan gozar os mesmos dereitos que o resto de nenas e nenos do país; dereito a un ensino público de calidade e dereito ás mesmas oportunidades. Esta desigualdade e a falta de oportunidades redonda nun rural que esmorece. Na defensa desta igualdade de oportunidades, desde a Confederación de Anpas se ten asumido un papel activo e construtivo que cristaliza na publicación dun completo estudo que radiografía e recolle as demandas e necesidades para abordar un plan específico para o ensino rural galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:05:19
Nº Rexistro: 16152
Data envío: 07/01/2025 11:05:19.015

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Consideran aceptable a ausencia dunha estratexia ou plan específico para paliar as dificultades e desigualdades que denuncian as familias que viven no rural en canto a oportunidades educativas, formativas e laborais?
2. Que valoración fai do traballo realizado polas Anpas galegas arredor da situación e desigualdades do ensino no rural?
3. Que medidas ten implementado a Xunta durante estes anos para atallar o esmorecemento do rural e a falta de oportunidades para a mocidade e infancia no ámbito educativo no rural?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 11:39:21

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57783

@PSdeG



CSV: B6P1S1R3D3C3J8IM3A90Z-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:05:19
Nº Rexistro: 16152
Data envío: 07/01/2025 11:05:19.015

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 11:39:30

CSV: B6P5TRBQ009IM0902-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57784

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A falla de aposta do goberno conservador de Galicia polos servizos públicos corrobórase tamén no ámbito da universidade pública e refléxase en distintos aspectos do Sistema Universitario Galego (SUG), tanto no eido da docencia como no da investigación. É necesario facer compatible o respecto ao principio da autonomía universitaria das universidades públicas galegas cun compromiso decidido da Xunta de Galicia con financiamento e programas para fortalecer o SUG no século XXI.

As universidades públicas galegas requiren financiamento para facer fronte a retos importantes. En particular, detéctase un avellentamento dos cadros docentes das tres universidades públicas galegas onde a renovación e incorporación de profesorado novo son retos non ben resoltos. Como vén de recoller o informe da Fundación Conocimiento y Desarrollo, o 62,9 % do profesorado do SUG ten máis de 50 anos de idade, o que sitúa a Galicia no segundo posto deste ranking por detrás de Canarias. Neste eido, a media estatal atópase no 51 % polo que hai síntomas que alertan no SUG.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:13:43
Nº Rexistro: 16173
Data envío: 07/01/2025 11:13:43,456

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:00:21

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:00:29

CSV: B6P1S1R8DGP19J8K6G00Z-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57819

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

As Fragas do Eume, situadas na provincia da Coruña, Galicia, son unha área de excepcional riqueza natural e biodiversidade. Este espazo natural protexido esténdese por ao redor de 9,125 hectáreas principalmente ao longo do curso do río Eume, é un dos bosques atlánticos máis importantes e mellor conservados de Europa e situado nos concellos de Pontedeume, Cabanas, As Pontes, A Capela e Monfero.

O río Eume esculpiu profundos canóns e desfiladeiros na roca granítica ao longo dos séculos, nos que se atopan os bosques de frondosas que dominan a paisaxe, creando unha contorna densa e verde. As Fragas do Eume, que teñen unha gran riqueza natural e biodiversidade, son un exemplo clásico de bosque atlántico, caracterizado pola súa humidade e densidade, onde dominan o carballo (*Quercus robur*), o castiñeiro (*Castanea sativa*), o aliso (*Alnus glutinosa*) e o bidueiro (*Betula celtiberica*), alberga plantas raras e endémicas que contribúen á súa riqueza botánica. As Fragas do Eume son especialmente ricas en avifauna, con especies como a aguiña culebrera (*Circaetus gallicus*), o azor (*Accipiter gentilis*), o bufo real (*Bubo bubo*) e o martín pescador (*Alcedo atthis*), é tamén rico en especies endémicas de réptiles e anfibios. Ademais do río principal, o Eume, o parque conta con numerosos arroios e humidais que enriquecen a biodiversidade da área.

No corazón do parque atópase o mosteiro de Caaveiro, un importante punto





histórico e cultural, rodeado dunha paisaxe impresionante, e tamén se atopa nos límites do parque o mosteiro de Monfero. Os mosteiros de Caaveiro e Monfero, e outros sitios históricos dentro do parque subliñan a profunda conexión entre a historia humana e a paisaxe natural nesta rexión.

En resumo, as Fragas do Eume son un tesouro natural que combina unha biodiversidade extraordinaria con paisaxes impresionantes e un rico patrimonio cultural. A súa conservación é crucial para manter a saúde ecolóxica e a beleza desta contorna única.

No ano 1996 a Xunta de Galicia decretou o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e dende entón declaráronse medidas cautelares que evitaban a repoboación forestal con especies alóctonas. O 12 de agosto de 1997 publicouse o decreto de creación do Parque Natural das Fragas do Eume, sendo con 9.125 hectáreas o segundo de Galicia en superficie despois do Xurés, é un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa, ademais dun bosque mixto de frondosas considerado un dos máis extensos da Galicia litoral e relevante a nivel europeo como bosque climático.

O artigo 35.4 da Lei galega 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que establece que “Os plans reitores de uso e xestión aprobaranse no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da declaración do espazo natural protexido, previo informe, no seu caso, da xunta consultiva correspondente”, polo que o Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) debería estar publicado dende o ano 2003.

Sendo as Fragas do Eume considerada como un bosque atlántico de ribeira teoricamente ben conservado e sendo o bosque atlántico un bosque mixto caducifolio, a expansión no parque e na súa contorno dunha especie como o eucalipto, antes incluso da creación do parque, aporta unha esencia diferencial a este ecosistema, que tamén debe contemplarse.





Finalmente o PRUX foi publicado o ano 2023, 26 anos despois da creación do parque, sen consenso coas propietarias e propietarios, establecendo medidas que limitan o uso total ou parcial de 3.828 hectáreas da totalidade do parque, e importante sinalar que o 90 % aproximadamente do parque está en mans de pequenos propietarios.

Finalmente, as e os propietarios dos terreos radicados dentro do parque teñen limitados os usos que poden desenvolver nos seus terreos pero non perciben ningún tipo de compensación ou beneficio por esa limitación.

Tendo en conta que a titularidade do parque é da Xunta de Galicia, sería perfectamente asumible para o Goberno de Galicia un programa de adquisición de terras que progresivamente implícase o paso á titularidade pública dun espazo que ten unha finalidade predominantemente pública, o cal sería compatible con outras fórmulas de compensación ás e aos propietarios.

Recentemente publicáronse actuacións no Parque Nacional de Doñana e no plan de protección da lagoa do Mar Menor que supoñen unha inversión de 100.000 e 25.000 €/ha, respectivamente.

A Xunta de Galicia establece no PRUX un orzamento de 1.100.000 € para adquisición de terreos con prezos iniciais de entre 3.500-7.000 €/ha, claramente insuficientes.

As propietarias e os propietarios dos terreos do parque, que foron os que conservaron dende a súa creación a arboreda natural ata onde as condicións de usos o permitiron, NON REXEITAN a declaración do Parque Natural pero entenden, con toda a razón, que non se pode crear a costa dos seus lexítimos intereses e do seu patrimonio. Exixen, polo tanto, compensacións e indemnizacións xustas polos prexuízos derivados das limitacións de usos das





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:14:01
Nº Rexistro: 16174
Data envío: 07/01/2025 11:14:01.253

súas propiedades, é dicir, ser tratados conforme as Directivas da Unión Europea, do Estado e da Comunidade.

Por todo isto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as previsións de adquisición de terreos do Parque Natural das Fragas do Eume por parte da Xunta de Galicia?
2. Considera axustado aos dereitos das e dos propietarios as compensacións establecidas no PRUX do Parque Natural das Fragas do Eume?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:01:56

Paloma Castro Rey na data 05/01/2025 12:02:05

Carlos López Font na data 05/01/2025 12:02:13

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57823

@PSdeG



CSV: BGPSUBD3p39Xt0660z-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O DOG do 31 de xaneiro do 2024 publica a Orde pola que se convocan procedementos selectivos de corpos de persoal docente non universitarios. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, por Resolución do 21 de maio de 2014 publica a composición dos tribunais avaliadores, dos que parte dos membros dos tribunais, as presidencias, son elixidos pola Xunta de Galicia e non por sorteo.

As normas que regulan a incompatibilidade e abstención dos tribunais son:

a) Convocatoria do proceso selectivo

Art. 7.7. Abstención e recusación dos tribunais.

Os membros dos tribunais absteranse de intervir se se desen as circunstancias sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Do mesmo xeito, de acordo co artigo 8.4 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, e co artigo 59.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, deberán absterse de actuar aqueles membros que realizan tarefas de preparación de persoas aspirantes aos procedementos selectivos para calquera corpo e especialidade nos cinco (5) anos anteriores a esta publicación.



Así mesmo, o persoal aspirante poderá recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior, de acordo co artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

b) Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

Art. 23. Abstención:

1. As autoridades e o persoal ao servizo das administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte absteranse de intervir no procedemento e o comunicarán ao seu superior inmediato, quen resolvera o procedente.
2. Son motivos de abstención os seguintes:
 - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidera influír a de aquel; ser administrador da sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa con algún interesado (....)

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Consellería constancia de que todos/as os compoñentes das comisións de selección nomeadas cumpren con estes artigos?
2. Ten a Consellería procedemento e mecanismos para detectar incumprimentos na obriga de abstención dos nomeados no momento de publicar as comisións?
3. Que procedemento sancionador dispón a Consellería no caso de que se detecten irregularidades en estas obrigas polos compoñentes das comisións avaliadoras, sobre todo nos casos de nomeamento directo pola Xunta de Galicia?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:14:26
Nº Rexistro: 16176
Data envío: 07/01/2025 11:14:26.659

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:02:59

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:03:08

CSV: B6P1S1R8DQjW6E6U0z-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57826

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A alga *Rugulopteryx okamurae*, chamada comunmente "alga asiática", está catalogada desde o ano 2020 como especie invasora polo Ministerio de Transición Ecolóxica. Esta alga é capaz de vivir desde os 30 metros de profundidade até as zonas intermareales das costas, fixarse sobre todo tipo de substratos. A comunidade de científicos que estuda as especies invasoras afirman que non existe outro caso de bioinvasión tan rápida e extensiva.

Desde o ano 2015, que foi vista por primeira vez en augas de Ceuta, estendeuse por todas as costas de Andalucía proveniente, segundo os científicos, do Océano Pacífico, de China, Corea, Filipinas ou Xapón e transportadas polos buques de mercadorías.

O sector pesqueiro e o turístico foron uns dos máis afectados pola invasión da alga que provocou unha notable diminución nas capturas nos caladoiros andaluces de polo menos trece especies, incluíndo langostino, acedía, rúbao, linguado, choco, polbo, centolla, xurelo, salmonete de roca, salmonete de lodo, besugo, jibia e pescada.

A xestión dos arribazones de algas nas praias tamén xerou custos significativos para os concellos das zonas turísticas. Só no mes de marzo, Benalmádena retirou unhas 70 toneladas de algas asiáticas das praias; mentres que o Concello de Marbella retira ao día preto de 75 toneladas de algas invasoras que se amontoan nas praias do municipio. Nun período de nove meses, estimouse que a xestión destes arribazones custou aproximadamente 1,2





millóns de euros, cifra considérase subestimada, o que suxire que os custos reais poderían ser aínda maiores.

Ademais dos problemas económicos, a expansión desta alga invasora está a causar un grave impacto ambiental. A alga ha colonizado a maioría dos substratos duros do leito mariño nas áreas afectadas, provocando unha importante perda de biodiversidade.

O 28 de xullo de 2022 o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, en cumprimento do artigo 64.7 da Lei 42/2007 de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, impulsouse a Estratexia nacional para loitar contra a alga asiática (*Rugulopteryx okamurae*), que é unha especie incluída no Catálogo español de especies exóticas invasoras, tendo en conta a natureza e intensidade dos impactos ecolóxicos e socio económicos que produce sobre o litoral español. Dita estratexia contén directrices de xestión, control e posible erradicación.

Pois ben, esta alga xa foi detectada nas costas galegas tanto na zona das Illas Cíes como nas costas da Coruña por investigadores das universidades galegas.

Con todo, até a data non temos coñecemento de que, por parte da Xunta de Galicia, realizouse ningunha avaliación dos posibles impactos ecolóxicos e socio económicos que a proliferación da alga asiática pode producir sobre o litoral galego e sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros das comunidades das nosas costas. Tampouco se coñece que a Consellería do Mar dispoña de liñas estratéxicas para a xestión, control e posible erradicación da alga invasora.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:14:40
Nº Rexistro: 16177
Data envío: 07/01/2025 11:14:40.456

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Consellería do Mar coñecemento desta detección por parte dos investigadores das universidades galegas?
2. A Consellería do Mar ten realizado unha análise de regas para o sector pesqueiro e marisqueo a invasión por esta alga? E os impactos económicos sobre os concellos turísticos?
3. Ten previstas a Xunta de Galicia as accións a desenvolver ante a aparición e probable extensión da alga asiática polas costas e praias de Galicia?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:04:46

Carlos López Font na data 05/01/2025 12:04:54

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57829

@PSdeG



CSV: B6P5TRB3-Huy\$D6606z-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A mediados de xuño os representantes dos mariscadores da ría do Burgo realizaron unha convocatoria de xuntanza cos representantes da Xunta de Galicia e da Delegación do Goberno do Estado. Por parte da Delegación do Goberno asistiu a secretaria xeral da Subdelegación e o responsable de Costas; o Goberno galego non enviou ningún representante, a pesar de que estaba confirmada a súa presenza.

A Xunta de Galicia ten as competencias exclusivas en marisqueo e, por este motivo, debe achegar algún tipo de solución ás persoas traballadoras do sector marisqueira da ría do Burgo. O Goberno galego alega que o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (MITECO) é o responsable destas novas axudas, xa que é o Informe de Impacto Ambiental do proxecto o que afirma que non se poderá mariscar na ría do Burgo entre 18 e 24 meses.

A realidade é que a día de hoxe as familias (74 - 78) que viven da ría do Burgo se atopan nunha situación límite, sen poder traballar e sen ningunha solución por parte de ningunha das administracións implicadas. A Administración galega é a que, en primeiro, lugar debe velar polos recursos marisqueiros e polos intereses das persoas traballadoras das rías, recabando a colaboración do Goberno do Estado para que as axudas sexan unha realidade.

No ano 2018 este proxecto formúlase como unha execución compartida entre ambas administracións. A Xunta de Galicia renuncia a participar e o proxecto é





realizado e financiado na súa totalidade polo Ministerio, cun coste total de máis de 36 millóns de euros. Unha vez que o proxecto está executado e recepcionado, parece razoable establecer un mecanismo de compromiso compartido, baixo o liderado da Xunta de Galicia, para facer fronte ao período de paralización ata que os bancos sexan produtivos e se podan cubrir as necesidades do colectivo das mariscadoras ata que o banco volva a ser produtivo.

En declaracións públicas, o Goberno do Estado manifesta a súa predisposición para establecer un marco de acordo xusto, suficiente e que dea resposta e non deixe desamparado ao colectivo mais vulnerable: os mariscadores e mariscadoras. Pero é necesario que a Xunta de Galicia faga fronte as súas responsabilidades como administración competente e traballe para dar unha resposta conxunta e razoable a esta xusta demanda.

Polo anteriormente exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como pensa facer realidade as competencias en marisqueo da Xunta de Galicia na ría do Burgo e protexer aos mariscadores e ás mariscadoras?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia establecer as conversacións necesarias co Goberno do Estado para buscar unha solución ás mariscadoras da ría do Burgo durante o tempo de recuperación da produción da ría?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:15:10
Nº Rexistro: 16179
Data envío: 07/01/2025 11:15:10.534

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:06:09

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:06:17

Carlos López Font na data 05/01/2025 12:06:25

CSV: B6P5TRBZpJ6DC3M0z-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

57832

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Rematado o curso escolar 2023-2024 e a planificación do curso 2024-2025 é hora de facer valoración e unha avaliación das medidas que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP de da Xunta de Galicia levou a prol do ensino público de calidade nos distintos concellos de Galicia. Os gobernos locais teñen unhas cargas económicas asumindo funcións que non lle corresponden; familias teñen unha cargas polos costes da educación obrigatoria, en moitos casos sen transporte para que os seus fillos e fillas teñan unha formación profesional básica; as infraestruturas dos colexios e institutos non adaptados e modernizados de acordos coas condicións e servizos actuais da actividades académica; colexios do rural cada curso con menos prazas que deixan fora dos centros dos pequenos concellos fora ou en lista de agarda ata que comeza o novo curso, menos unidades e docentes e menos recursos.

Numerosos concellos teñen que asumir competencias propias da Administración autonómica. Estamos nunha constante loita entre as competencias da administración local e autonómica, cada vez que teñen que asumir gastos nos centros escolares que non son de mantemento senón de inversión. Pero neste fogo cruzado sempre perden os centros escolares e polo tanto as nosas nenas e nenos, sobre todo nos pequenos concellos que non teñen capacidade de compensar a falta de actuación da Consellería. É preciso que a Consellería de Educación asuma dunha vez por todas as súas responsabilidades.





O transporte escolar é deficiente para alumnado de ensinanza en Bacharelato e de Formación Profesional, sobre todo no ámbito rural, onde moitas das familias teñen que afrontar o gasto do transporte ou mesmo son as familias quen se fan cargo do traslado dos seus fillos e fillas aos institutos e centros de formación profesional.

Por outra banda é necesaria tamén unha inversión en recursos humanos e en profesorado tanto en docentes en xeral como en profesionais especialistas (Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación, etc...). Tal como o manifestan os propios centros e as familias do noso concello, cada curso suprímese profesorado especialista e de apoio a alumnado con necesidades educativas especiais, sobre todo nos colexios rurais, onde ano tras ano estamos diante de situación de solicitudes de escolarización non atendidas.

Todas estas situacións non garanten unha educación pública de calidade sobre todo nas zonas do rural pero que se están estendendo ás cidades. Os continuos recortes e disfuncións na educación pública do noso país están a xerar un incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Consellería unha planificación das inversións previstas nos centros de educación da Comunidade Autónoma? Que criterios utiliza para a priorización e temporalización das inversións?
2. Que valoración fai a Consellería da dispoñibilidade de transporte escolar en FP para os estudantes que deben escolarizarse en concellos diferentes aos de residencia?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:15:40
Nº Rexistro: 16181
Data envío: 07/01/2025 11:15:40,394

3. Cree suficiente a dispoñibilidade de persoal especialistas en os centros das zonas rurais? E persoal de apoio nos casos de nenos e nenas con necesidades especiais?
4. Que medidas ten prevista adoptar a Consellería para manter a calidade e dispoñibilidade da oferta educativa obrigatoria nas zonas do rural que están a sufrir con maior intensidade o descenso demográfico?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:09:09

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:09:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57835

@PSdeG



CSV: B6P5T8DQ8YNDK340C8-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Lara Méndez López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O futuro Edificio de Investigación en Industria Intelixente (EI3) de Ferrol, promovido pola Universidade da Coruña (UDC), é un proxecto de gran relevancia para o desenvolvemento económico, tecnolóxico e educativo da cidade de Ferrol e a súa comarca.

Este centro, que se situará nunha parcela propiedade da UDC de 1.400 metros cadrados na avenida de Esteiro, estará destinado a converterse nun referente no ámbito da industria intelixente. O EI3 integrará áreas de investigación clave como robótica industrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñería naval e offshore, xestión industrial e deseño e desenvolvemento de produto.

O EI3 proxéctase como un polo de innovación ao servizo de proxectos estratéxicos de enxeñería, innovación e deseño. A infraestrutura proposta terá laboratorios avanzados, servizos administrativos, un auditorio, un museo científico interactivo e espazos de coworking. Estes espazos facilitarán a colaboración entre investigadores, profesionais e empresas tecnolóxicas, promovendo un ecosistema de innovación e desenvolvemento, é dicir, é máis que un edificio educativo ou de investigación.

A construción do EI3 representa un investimento significativo no futuro de Ferrol e a súa comarca, prevese a xeración de emprego de alta cualificación, a atracción de talento nacional e internacional e o fortalecemento do tecido





empresarial local. Así mesmo, a especialización do campus universitario de Ferrol como Campus Industrial demostrou ser un motor de crecemento, cun aumento do número de estudantes, reflectindo o potencial de crecemento e o fortalecemento da oferta educativa e de investigación e transferencia na comarca.

Na actualidade o proxecto arquitectónico xa está redactado e entregado. Esta infraestrutura está incluída no Plan de Infraestruturas Universitarias Singulares da Xunta de Galicia que ten unha importante infrafinanciación e, para levar a cabo a construción do centro, requírese un esforzo financeiro considerable, que a UDC en solitario non pode asumir, e unha planificación plurianual que garanta a súa viabilidade e finalización.

O EI3 non só beneficiará á comunidade académica, senón que tamén terá un impacto directo na comunidade da comarca. Esta infraestrutura establecería sinerxías co CMI Navantia-UDC e o Centro de excelencia de Construción Naval de Navantia e colaboraría co Centro de Excelencia do Xemelgo Dixital do CIS. O centro ofrecerá formación especializada en industria intelixente, creando oportunidades para a capacitación e o desenvolvemento profesional dos cidadáns de Ferrol e os seus arredores.

Ademais, o centro fomentará o desenvolvemento de proxectos de investigación e emprendemento, contribuíndo á creación de novas empresas e ao fortalecemento do tecido industrial local, xa que o EI3 disporía dunha oficina de apoio ao emprendemento e fortalecemento do tecido industrial local, xa que o EI3 disporía dunha oficina de apoio ao emprendemento e comercialización de resultados de investigación así como un espazo para viveiro e incubación de “spinoffs” e “statups” de base tecnolóxica que permitiría incrementar o tecido empresarial da comarca.“





O Edificio de Investigación en Industria Intelixente (EI3) é un proxecto estratéxico para Ferrol e a súa comarca que pode transformar a cidade nun hub de innovación e desenvolvemento tecnolóxico. O financiamento e o apoio institucional son cruciais para garantir a súa realización e éxito que será o de Ferrol e a súa comarca.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa a Xunta de Galicia que a comarca de Ferrol precisa dun centro de investigación, innovación e emprendemento que facilite o futuro industrial e innovador de Ferrol e a súa comarca?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia do Plan de Infraestruturas singulares do SUG asinado no ano 2022?
3. Ten pensado a Xunta de Galicia incrementar a dotación económica de ese plan de infraestruturas do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:12:21

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:12:29





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:16:29
Nº Rexistro: 16183
Data envío: 07/01/2025 11:16:29.832

Lara Méndez López na data 05/01/2025 12:12:37

CSV: B6P5TRB9J44C6G59Z8-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57839

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Lara Méndez López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O futuro Edificio de Investigación en Industria Intelixente (EI3) de Ferrol, promovido pola Universidade da Coruña (UDC), é un proxecto de gran relevancia para o desenvolvemento económico, tecnolóxico e educativo da cidade de Ferrol e a súa comarca.

Este centro, que se situará nunha parcela propiedade da UDC de 1.400 metros cadrados na avenida de Esteiro, estará destinado a converterse nun referente no ámbito da industria intelixente. O EI3 integrará áreas de investigación clave como robótica industrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñería naval e offshore, xestión industrial e deseño e desenvolvemento de produto.

O EI3 proxéctase como un polo de innovación ao servizo de proxectos estratéxicos de enxeñería, innovación e deseño. A infraestrutura proposta terá laboratorios avanzados, servizos administrativos, un auditorio, un museo científico interactivo e espazos de coworking. Estes espazos facilitarán a colaboración entre investigadores, profesionais e empresas tecnolóxicas, promovendo un ecosistema de innovación e desenvolvemento, é dicir, é máis que un edificio educativo ou de investigación.

A construción do EI3 representa un investimento significativo no futuro de Ferrol e a súa comarca, prevese a xeración de emprego de alta cualificación, a atracción de talento nacional e internacional e o fortalecemento do tecido





empresarial local. Así mesmo, a especialización do campus universitario de Ferrol como Campus Industrial demostrou ser un motor de crecemento, cun aumento do número de estudantes, reflectindo o potencial de crecemento e o fortalecemento da oferta educativa e de investigación e transferencia na comarca.

Na actualidade o proxecto arquitectónico xa está redactado e entregado. Esta infraestrutura está incluída no Plan de Infraestruturas Universitarias Singulares da Xunta de Galicia que ten unha importante infrafinanciación e, para levar a cabo a construción do centro, requírese un esforzo financeiro considerable, que a UDC en solitario non pode asumir, e unha planificación plurianual que garanta a súa viabilidade e finalización.

O EI3 non só beneficiará á comunidade académica, senón que tamén terá un impacto directo na comunidade da comarca. Esta infraestrutura establecería sinerxías co CMI Navantia-UDC e o Centro de excelencia de Construción Naval de Navantia e colaboraría co Centro de Excelencia do Xemelgo Dixital do CIS. O centro ofrecerá formación especializada en industria intelixente, creando oportunidades para a capacitación e o desenvolvemento profesional dos cidadáns de Ferrol e os seus arredores.

Ademais, o centro fomentará o desenvolvemento de proxectos de investigación e emprendemento, contribuíndo á creación de novas empresas e ao fortalecemento do tecido industrial local, xa que o EI3 disporía dunha oficina de apoio ao emprendemento e fortalecemento do tecido industrial local, xa que o EI3 disporía dunha oficina de apoio ao emprendemento e comercialización de resultados de investigación así como un espazo para viveiro e incubación de “spinoffs” e “statups” de base tecnolóxica que permitiría incrementar o tecido empresarial da comarca.“





O Edificio de Investigación en Industria Intelixente (EI3) é un proxecto estratéxico para Ferrol e a súa comarca que pode transformar a cidade nun hub de innovación e desenvolvemento tecnolóxico. O financiamento e o apoio institucional son cruciais para garantir a súa realización e éxito que será o de Ferrol e a súa comarca.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa a Xunta de Galicia que a comarca de Ferrol precisa dun centro de investigación, innovación e emprendemento que facilite o futuro industrial e innovador de Ferrol e a súa comarca?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia do Plan de Infraestruturas singulares do SUG asinado no ano 2022?
3. Ten pensado a Xunta de Galicia incrementar a dotación económica de ese plan de infraestruturas do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:13:08

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:13:17





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:16:48
Nº Rexistro: 16184
Data envío: 07/01/2025 11:16:48,801

Lara Méndez López na data 05/01/2025 12:13:26

CSV: B6P5TRB3a0yW09H46z3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57843

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Lara Méndez López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A Cidade das TIC é un proxecto de desenvolvemento dun polo de innovación tecnolóxico no sector das tecnoloxías emerxentes, como son a IA, o BigData, a robótica, etc, nas instalacións da antiga Fábrica de Armas, cedido o seu uso polo Ministerio de Defensa, impulsado pola Universidade da Coruña coa colaboración da Xunta de Galicia, o Concello e a Deputación da Coruña e o sector empresarial, representado polo ClusterTic de Galicia.

A Cidade das TIC pretende desenvolver un espazo baseado no coñecemento e a innovación ao servizo do tecido empresarial de Galicia, sobre todo das pequenas e medianas empresas, e ser un elemento de atracción e retención de talento na nosa comunidade. Os principais elementos do proxecto son a formación, a investigación, a transferencia, o emprendemento, con apoio a constitución, incubación e lanzamento de empresas de base tecnolóxica, e a participación das empresas, tanto as instaladas na CdT como as do resto de Galicia, tanto PYMES como grandes empresas tecnolóxicas, nacionais ou internacionais.

Este centro, que será construído pola Universidade da Coruña, ten que xogar un papel fundamental de interacción coas actividades da AESIA na cidade da Coruña e en Galicia, o que permitirá atraer talento e empresas a nosa comunidade autónoma que queiran aproveitar a sinerxías coas universidades galegas e a AESIA..





Esta infraestrutura de investigación da Cidade das TIC foi incluído pola Universidade da Coruña no Plan de infraestruturas da Xunta de Galicia, asinado no 2023, ademais do novo centro na Cidade da Saúde, en Santiago; a integración da Facultade de Formación do Profesorado no Complexo Docente, en Lugo, o Centro de Investigación da Industria Intelixente de Ferrol, o Centro de Enxeñería Aeroespacial de Ourense e o Centro de Investigación Mariña de Vigo, así como a remodelación do Hospital Provincial no campus de Pontevedra. Estas infraestruturas supoñen un coste global de 137 millóns de euros.

A este Plan de infraestruturas do SUG, o Goberno autonómico destina 40 millóns de euros –10 millóns cada ano ata o 2026–, o que supón unha financiación da Xunta inferior ao 30 % do custe total das mesmas, claramente insuficiente.

As universidades teñen posibilidades moi limitadas de cofinanciar estas infraestruturas xa que non dispoñen de fontes de ingreso mais alá das achegas da Xunta de Galicia, a través do plan de financiamento claramente insuficiente, e as taxas universitarias, conxeladas dende o ano 2010. A cofinanciación neste caso estaría moi por riba da cofinanciación de outros fondos, como os Fondos FEDER que está entre un 30-4 0%. Polo que é necesario que a Xunta de Galicia, que dispón de múltiples vías de financiación a través de fondos propios ou distintos fondos europeos, NG-EU, FEDER, etc. colabore coa UDC na financiación da construción do CITIC na Cidade das TIC.

Ademais, o financiamento de este Centro de Investigación encadraríase dentro dos programas sectoriais e proxectos de IA na nosa comunidade que permita aproveitar a oportunidade da situación da AESIA en A Coruña e consolidar o ecosistema de innovación que facilite a implantación de empresas tecnolóxicas e retención e atracción de talento na Comunidade de Galicia, tal e como vén de





aprobar por unanimidade o Pleno do Parlamento de Galicia nunha Proposición non de lei presentada e defendida polo Grupo Parlamentario Popular.

As actividades de investigación dos grupos e investigadores que se instalen neste novo edificio do Centro Singular de Investigación da Rede da Xunta de Galicia (CIGUS), o CITIC, estarán especializados e tecnoloxías de Intelixencia Artificial, Aprendizaxe Maquina, Procesamento de linguaxe Natural, Ciencia e Enxeñería de Datos, Sostenibilidade e Algoritmos Verdes, Realidade aumentada, etc. e se centrarán en desenvolvemento de aplicacións para a saúde, loxística, téxtil e naval, principalmente, nas que teñen unha ampla experiencia.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa a Xunta de Galicia que o novo edificio do CITIC, como centro de investigación, innovación da Cidade das TIC, facilita a relación coa AESIA e a implantación de novas empresas tecnolóxicas na nosa comunidade autónoma?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia do Plan de infraestruturas singulares do SUG asinado no ano 2023?
3. Ten pensado a Xunta de Galicia incrementar a dotación económica de ese Plan de infraestruturas do Sistema Universitario de Galicia 2023-2026?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:17:20
Nº Rexistro: 16186
Data envío: 07/01/2025 11:17:20.363

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:16:05

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:16:14

Lara Méndez López na data 05/01/2025 12:16:23

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

57847

@PSdeG



CSV: B0P1S1R09J1D4D63ME3-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Lara Méndez López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Cidade das TIC é un proxecto de desenvolvemento dun polo de innovación tecnolóxico no sector das tecnoloxías emerxentes, como son a IA, o BigData, a robótica, etc, nas instalacións da antiga Fábrica de Armas, cedido o seu uso polo Ministerio de Defensa, impulsado pola Universidade da Coruña coa colaboración da Xunta de Galicia, o Concello e a Deputación da Coruña e o sector empresarial, representado polo ClusterTic de Galicia.

A Cidade das TIC pretende desenvolver un espazo baseado no coñecemento e a innovación ao servizo do tecido empresarial de Galicia, sobre todo das pequenas e medianas empresas, e ser un elemento de atracción e retención de talento na nosa comunidade. Os principais elementos do proxecto son a formación, a investigación, a transferencia, o emprendemento, con apoio a constitución, incubación e lanzamento de empresas de base tecnolóxica, e a participación das empresas, tanto as instaladas na CdT como as do resto de Galicia, tanto PYMES como grandes empresas tecnolóxicas, nacionais ou internacionais.

Este centro, que será construído pola Universidade da Coruña, ten que xogar un papel fundamental de interacción coas actividades da AESIA na cidade da Coruña e en Galicia, o que permitirá atraer talento e empresas a nosa comunidade autónoma que queiran aproveitar a sinerxías coas universidades galegas e a AESIA..





Esta infraestrutura de investigación da Cidade das TIC foi incluído pola Universidade da Coruña no Plan de infraestruturas da Xunta de Galicia, asinado no 2023, ademais do novo centro na Cidade da Saúde, en Santiago; a integración da Facultade de Formación do Profesorado no Complexo Docente, en Lugo, o Centro de Investigación da Industria Intelixente de Ferrol, o Centro de Enxeñería Aeroespacial de Ourense e o Centro de Investigación Mariña de Vigo, así como a remodelación do Hospital Provincial no campus de Pontevedra. Estas infraestruturas supoñen un coste global de 137 millóns de euros.

A este Plan de infraestruturas do SUG, o Goberno autonómico destina 40 millóns de euros –10 millóns cada ano ata o 2026–, o que supón unha financiación da Xunta inferior ao 30 % do custe total das mesmas, claramente insuficiente.

As universidades teñen posibilidades moi limitadas de cofinanciar estas infraestruturas xa que non dispoñen de fontes de ingreso mais alá das achegas da Xunta de Galicia, a través do plan de financiamento claramente insuficiente, e as taxas universitarias, conxeladas dende o ano 2010. A cofinanciación neste caso estaría moi por riba da cofinanciación de outros fondos, como os Fondos FEDER que está entre un 30-4 0%. Polo que é necesario que a Xunta de Galicia, que dispón de múltiples vías de financiación a través de fondos propios ou distintos fondos europeos, NG-EU, FEDER, etc. colabore coa UDC na financiación da construción do CITIC na Cidade das TIC.

Ademais, o financiamento de este Centro de Investigación encadraríase dentro dos programas sectoriais e proxectos de IA na nosa comunidade que permita aproveitar a oportunidade da situación da AESIA en A Coruña e consolidar o ecosistema de innovación que facilite a implantación de empresas tecnolóxicas e retención e atracción de talento na Comunidade de Galicia, tal e como vén de







**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:17:33
Nº Rexistro: 16187
Data envío: 07/01/2025 11:17:33,379

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:16:49

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:16:58

Lara Méndez López na data 05/01/2025 12:17:08

CSV: B6P1S1R9D3L1Q2D0A0032-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57851

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional publicou o mes de xullo a resolución pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento dos ensinos de formación profesional para o curso 2024/2025

Segundo indicou a Xunta de Galicia estas normas teñen un carácter "transitorio" ata que se aprobe o novo decreto que a Xunta de Galicia debe tramitar para adaptalo á nova lei de FP. Estas instrucións aplicaranse no primeiro curso dos ciclos formativos da oferta común, modalidade presencial e réxime xeral, non se inclúe nin a oferta modular nin a FP Dual Intensiva.

No que respecta as prácticas, os ciclos poderán incorporar no primeiro curso un período de formación na empresa ou no organismo equiparado como parte integrada do currículo dos módulos profesionais e serán, como máximo, un total de 80 horas nos ciclos básicos e de 200 nos ciclos medios e superiores.

De feito, a fase de formación na empresa será determinada por cada centro en función das características da oferta formativa, das particularidades dos sectores produtivos e da dispoñibilidade de postos e das condicións do alumnado.

O momento en que se debe incorporar unha nova lexislación dos ensinos de FP é o idóneo para realizar unha avaliación do feito até agora e detectar as





posibles áreas de mellora, neste caso sobre todo na parte correspondente a practicalas en empresas da FP Dual. A nova lei xeneraliza a formación Dual e, ademais, regula a FP Dual intensiva, que na nosa comunidade porase en marcha no curso 2025/2026. É por tanto claro que a regulación de FP Dual nas súas distintas modalidades será central no novo decreto que debe aprobar a Consellería durante este curso.

E por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que porcentaxe de ciclos e alumnado ten a FP dual na súa distribución por familias de competencia e xeográfica na rede sostida con fondos públicos?
2. Como é a relación oferta de prazas/demanda de profesionais dos sectores produtivos nas distintas familias de competencias no noso mapa formativo de FP e FP Dual?
3. Que porcentaxe de oferta de ciclos duais por familias de competencias profesionais realízase en centros educativos concertados? E privados?
4. Quen, como e con que trámites realízase o abono das cotas da Seguridade Social dos alumnos e alumnas en prácticas da formación Dual pública?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:18:50





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:18:07
Nº Rexistro: 16189
Data envío: 07/01/2025 11:18:07.911

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:18:58

CSV: B6P5TRB3-MYDC3B0Z-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57854

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:19:28
Nº Rexistro: 16191
Data envío: 07/01/2025 11:19:28,958

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No pasado mes de xullo aparecía na prensa o seguinte titular: “A unitaria máis antiga, e bonita, de Santiago, creada en 1808, sálvase ao encandear tamén a pais doutros concellos” no texto a súa responsable declaraba: “Necesitabamos un rapaz e temos, ao menos, tres” o que permitirá a continuidade do proxecto. Esta é a situación de numerosos centros no rural, e non só unitarias, como é a Escola de Educación Infantil Gaioso, de Ou Eixo, que ven perigar curso a curso a súa continuidade e que teñen que lanzar, como neste caso, chamadas de alerta ao ver que perigaba o mínimo de alumnos esixido para evitar o peche.

En moitos destes centros de escolas unitarias e CRA realízanse proxectos educativos que son exemplos de boas prácticas, presentados en Congresos da Escola Rural, o último celebrado en maio de 2024 en Ribadavia, deseñadas por profesorado motivado e concienciado e por familias que en moitas ocasións elixen esta forma de ensino como unha educación alternativa.

O propio conselleiro en clausura do Congreso encomiou as iniciativas punteiras que se estaban desenvolvendo na nosa comunidade autónoma animando aos profesores e familia a seguir traballando para garantir unha educación de calidade, sobre todo nas zonas máis afectadas polo descenso demográfico que afecta á nosa comunidade autónoma.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:19:28
Nº Rexistro: 16191
Data envío: 07/01/2025 11:19:28.958

Por todo o anteriormente exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o numero de escolas unitarias e CRA en Galicia e cales son as previsións de alumnado nos próximos anos? Cal é a previsión de cumprimento das ratios mínimas nos próximos anos?
2. Que medidas están a tomarse para garantir os recursos humanos de docentes así como persoal de atención a diversidade que cheguen tamén a estes centros educativos para a atención ao alumnado con necesidades específicas?
3. Que medidas ten implementado a Xunta de Galicia durante estes anos para atallar ou esmorecemento da educación non rural e a falta de oportunidades para os nenos e nenas podan seguir sendo escolarizados non ámbito educativo non rural?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:20:16

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:20:25

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57856

@PSdeG



CSV: B6P5T8D3-y9DPe2m&3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No mes de xullo do ano 2023 a Consellería de Facenda e Función Pública, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a tres universidades públicas galegas, coa presenza do presidente da Xunta de Galicia Alfonso Rueda, asinan o convenio para a posta en marcha dun plan de dotación de infraestruturas singulares para a docencia ou a investigación nos sete campus galegos.

Trátase dunha dotación específica para posibilitar que as universidades podan dotarse de grandes infraestruturas con orzamentos plurianuais, que non poden ser realizadas cos presupostos ordinarios das universidades do Plan de financiamento universitario.

Cada universidade propón as infraestruturas deste plan que son incluídas previa aceptación pola Xunta de Galicia. As infraestruturas que finalmente se asinaron no convenio de infraestruturas foron: o edificio da Facultade de Farmacia da Cidade da Saúde en Santiago; a integración da Facultade de Formación do Profesorado no Complexo Docente, en Lugo, o novo CITIC da Cidade das TIC, na Coruña, o Centro de Investigación da Industria Intelixente de Ferrol, o Centro de Enxeñería Aeroespacial de Ourense e o Centro de Investigación Mariña de Vigo, así como a remodelación do Hospital Provincial no Campus de Pontevedra.



Segundo a información da propia Xunta de Galicia, este plan mobilizaría 100 millóns de euros entre 2023 a 2026, si ben o cálculo máis conservador de construción das infraestruturas sería de 137 millóns de euros. Pois ben, a Xunta de Galicia aporta nos catro anos de vixencia do plan 40 millóns de euros, a razón de 10 millóns de €/ano, para as tres universidades galegas, o que supón unha financiación da Xunta de Galicia inferior ao 30 % do custe total das mesmas, claramente insuficiente.

E de onde se mobilizaría o 70 % restante, case 100 millóns de euros con fondos propios das universidades públicas galegas. As universidades teñen case nulas posibilidades cofinanciar estas infraestruturas xa que non dispoñen de fontes de ingreso mais alá das achegas da Xunta de Galicia, a través do Plan de Financiamento Universitario, claramente insuficiente, e as taxas universitarias, conxeladas dende o ano 2010.

As universidades non teñen, contrariamente aos que sucede coa Xunta de Galicia acceso a financiación con outros fondos, como son os Fondos FEDER ou outros fondos europeos, NG-EU, etc., nin opción de acudir a endebedamento, polo que dificilmente poderán obter a financiación necesaria, polo que este plan así definido non é mais que una nova medida cosmética da Xunta de Galicia que non poderá executarse, perdendo os efectos beneficios da súa dispoñibilidade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a execución actual do Plan de Infraestruturas Universitarias asinada pola Xunta de Galicia e as universidades públicas do SUG?
2. Considera a Xunta de Galicia que as infraestruturas propostas melloran a situación de docencia e a investigación das universidades públicas galegas?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:19:58
Nº Rexistro: 16193
Data envío: 07/01/2025 11:19:58,943

3. É, en opinión da Xunta de Galicia, suficiente a dotación do fondos para acadar os obxectivos formulados polo Plan de Infraestruturas?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:22:49

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:22:57

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57859

@PSdeG



CSV: B6P1S1R8D3C0Y4P010G8-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:20:27
Nº Rexistro: 16195
Data envío: 07/01/2025 11:20:27.786

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5ª**.

Nunha sociedade moderna o apoio aos máis desfavorecidos debe ser una das señas de identidade, nun país xusto a integración da diversidade debe ocupar un papel fundamental no noso estado de benestar. Por iso, é importante dispoñer de entidades que permitan dar apoio ás persoas con discapacidade.

Na comarca de Ferrol atópase o Centro de Atención á Persoas con Discapacidade CAPD Souto de Leixa, que no ano 2010 foi privatizado polo Partido Popular. Agora o Goberno de Alfonso Rueda volve ofertar a súa xestión a mans privadas cun contrato de 12,7 millóns de euros durante catro anos.

As familias das persoas usuarias e os traballadores e traballadoras do centro veñen denunciando en reiteradas ocasións o mal estado das instalacións e a súa pésima xestión, con notables carencias de persoal e medios, que afectan gravemente á calidade asistencial nun ámbito especialmente sensible como é o da atención ás persoas con discapacidade intelectual.

As familias dos usuarios quéixanse reiteradamente das instalacións en mal estado e de pésimas condicións en servizos básicos, como comedor, servizos sanitarios ou de atención ás persoas usuarias. Os traballadores denuncian as condicións laborais e falta de medios e de persoal.

Ás e aos socialistas preocúpanos a situación das persoas usuarias e a indolencia do Goberno da Xunta de Galicia ante as continuas queixas por parte





das familias e do cadro de persoal. Non se entende que un ámbito tan sensible como o da atención ás persoas con discapacidade intelectual se opere con criterios de beneficio económico dunha empresa privada. A Xunta coñece estas denuncias desde hai tempo pero non fai nada ao respecto.

Ante esta situación, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

5. Que valoración fai a Xunta de Galicia das condicións dos servizos que se imparten no CAPD Souto de Leixa ás persoas usuarias?, da situación das infraestruturas do centro? E as condicións laborais do persoal que os atende?
2. Cal é a razón pola que a Xunta de Galiza, desde o ano 2010, nunca realizou unha nova licitación e foi sucesivamente prorrogada coa mesma empresa, a pesar das queixas das familias e do persoal desde o ano 2010?
3. Realízanse controis pola Inspección da Xunta de que se cumpren as ratios e o persoal que a propia Xunta recomenda, e que figura nos prego de concesión no caso do CAPD Souto de Leixa?
4. Que avaliacións realiza a Xunta de Galicia sobre a condición de prestación dos servizos esenciais prestados por empresas e entidades privadas e como afecta á calidade do servizo prestado?
5. Que valoración realiza a Xunta de Galicia dos servizos de apoio ás persoas con discapacidade prestados por empresas privadas?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:20:27
Nº Rexistro: 16195
Data envío: 07/01/2025 11:20:27.786

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:24:42

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:24:51

Elena Espinosa Mangana na data 05/01/2025 12:25:00

CSV: B6P5T8B3aY4PQ50Gz33
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57862

@PSdeG





A MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5ª**.

A política desenvolvida polo Goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy a partir do ano 2011 cunha política agresiva de contención dos recursos humanos nos servizos público, que tivo a súa máxima mostra na imposición dunha taxa de reposición drástica, produciu unha redución do número de traballadores e traballadoras en servizos fundamentais como son a educación ou a sanidade.

No caso da educación, ademais a pandemia modificou dunha forma importante a estrutura e o número de efectivos na educación, tentando introducir novas metodoloxías que tiñan como fin último reducir os efectivos e a presenza de docentes nas aulas.

En concreto, no caso da Educación Primaria e Secundaria produce unha redución de efectivos do curso 2020/2021 ao 2022/2023, último curso con datos consolidados, de 13.766 a 13.430 no caso dos mestres de Primaria, no caso de profesorado de secundaria pásase de 13.531 a 13.843, pero ese incremento é ficticio xa que aproximadamente 930 son do profesorado FP que se incorpora ao profesorado de ensino secundario como consecuencia da creación do novo corpo de profesorado especialista en sectores singulares da formación profesional. O número total de docentes pasa de 31.392 no curso 2020/2021 a 30.571 no curso 2022/2023.





Polo tanto, prodúcese un descenso do número de efectivos que non son compensados polas convocatorias de prazas de profesorado, que na última convocatoria deixou vacantes un número significativo de prazas.

Non obstante, durante este período o número total de empregados públicos da Administración autonómica increméntase de 140.000 a 150.000 empregados públicos da Xunta de Galicia, que en xaneiro de 2023 alcanza un máximo con 117.000 empregados totais. Prodúcese un descenso do número absoluto de docentes e non se aproveita o incremento de emprego público que non vai ao sector educativo.

É por isto que, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Consellería dos resultados dos últimos concursos de profesorado tanto na quenda de interno como o na de concurso libre? Que número de prazas e en que especialidades quedaron vacantes?
2. Cal é a taxa de interinidade no persoal docente dependente da Consellería de Educación, Ciencia, FP e Universidades, por áreas e especialidades?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:26:42





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:20:57
Nº Rexistro: 16197
Data envío: 07/01/2025 11:20:57.099

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:26:50

CSV: BGRISIRBQJ64KXBMVZ-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57865

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Victor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Nos últimos anos, a Formación Profesional (FP) galega experimentou unha auténtica revolución silenciosa sustentada no traballo de todo o sistema educativo e nas políticas impulsadas polo Goberno galego. Hoxe a Formación Profesional é unha opción preferente, tanto para alumnado como para as empresas, que achega benestar á sociedade.

Máis de 65.000 persoas están matriculadas actualmente nestas ensinanzas, que se ampliaron e reforzaron estes anos coas maiores ofertas da nosa historia.

Para seguir avanzando por esta senda, a Xunta de Galicia impulsou a Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030, que fixa as grandes liñas de actuación, os retos e os obxectivos nos próximos anos.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é a valoración que realiza a Xunta de Galicia respecto á situación da Formación Profesional galega?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2025 11:12:07

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 11:15:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 11:16:00

Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 11:16:14

Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 11:17:38

Patricia García González na data 07/01/2025 11:18:03

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 11:18:17

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 11:18:52

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 11:19:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5ª**.

O concello do Porto do Son é o municipio máis extenso da comarca da Barbanza, 94,58 km², cunha lonxitude de aproximadamente 30 Km e cunha poboación de 9.153 habitantes no ano 2023, segundo o IGE, pero que nos meses de verán aumenta expoñencialmente chegando a triplicar a súa poboación con forasteiros que pasan as súas vacacións por todo o concello, que dispón de unha ampla costa con numerosas e fermosas praias.

Ademais da vila de Porto do Son, Portosín é outro dos núcleos urbanos máis poboados do concello. En cada un destes núcleos de poboación existe un centro de saúde, completando a dotación de servizos sanitarios un terceiro centro de saúde en Xuño. Os servizos de urxencia máis próximos atópanse en Noia, ao norte, e Ribeira, ao sur, que se atopan a máis de media hora en caso de se desprazar en transporte particular, pero moi pouco accesibles en transporte público.

O concello de Porto do Son dispón do servizo de pediatría, pero no período vacacional este servizo non foi dotado, polo que todos os rapaces teñen que se desprazaren á consulta do pediatría en Noia, incluso os que teñen a súa consulta no Centro de Saúde de Xuño, que teñen moito máis preto o servizo de Pediatría de Ribeira. Esta situación complica polo feito de que en Noia, que dispón de tres pediatras, só un permanece durante o período de agosto, co que se atopa totalmente excedido tendo que atender a todos os nenos e nenas de Porto do Son, Lousame e Noia, ademais da poboación forasteira que se





despraza a estes concellos no verán, viaxeiros cunha alta porcentaxe de nenos e nenas de curta idade.

Non só é que non se dispoña do servizo de pediatría senón que, ademais, no mes de agosto non existiu tampouco servizo de matrona, polo que as mulleres que precisan este servizo deben desprazarse ata Muros, que sempre é complicado pero imposible no caso de mulleres que xa teñen outros fillos ou fillas pequenas.

Esta situación é inadmisíble nun servizo sanitario da calidade do Sergas, consecuencia dunha mala planificación sanitaria da Atención Primaria, desde hai tempo, dos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia. Non se pode escudar na ausencia actual de pediatras, esta é unha situación prevista e previsible, consecuencia de decisións erróneas tomadas polos sucesivos responsables da sanidade galega que fai recaer a responsabilidade de manter a calidade do servizo de saúde na responsabilidade, profesionalidade e bo facer do persoal sanitario que se atopa impotente e excedido de carga de traballo, mentres vemos día a día como se incrementa a achega pública ao sector sanitario privado.

Ante o deterioro da atención pediátrica e de matrona durante o verán e o temor a unha posible cronificación do problema, os pais e nais, veciños, persoal sanitario e responsables políticos veñen reiteradamente denunciado esta situación con concentracións semanais, os venres, diante do Centro de Saúde do Porto do Son esixindo a dotación urxente do servizo de pediatría.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Sergas unha solución permanente, durante todo o ano, para que as familias deste concello dispoñan do servizo de pediatría de calidade que merecen.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:21:30
Nº Rexistro: 16200
Data envío: 07/01/2025 11:21:30.428

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que planificación fixo a Consellería das vacantes por vacacións do persoal dos servizos de pediatria nos centros de saúde, sobre todo dos concellos onde non existe alternativa a ese servizo?
2. Cre a Conselleira e o Sergas aceptable que un concello como o de Porto do Son quede sen pediatra durante o verán?
3. Que medidas toma a conselleira no caso de que un servizo de pediatria como o de Noia ten que se facer cargo dos servizos de pediatria dos concellos limítrofes onde non se cobre este servizo no verán?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:28:26

Elena Espinosa Mangana na data 05/01/2025 12:28:37

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:28:50





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5ª**.

As familias das escolas infantís da rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Consellería de Política Social), manifestaron reiteradamente que queren que os seus fillos e fillas consuman nos comedores escolares produtos de proximidade. Produtos como froitas e verduras de tempada, peixe fresco, como o capturado polo cerco galego, e carne de procedencia galega, como é a nosa denominación de orixe Tenreira Galega.

Na actualidade o menú que se ofrece cumpre, por suposto e non se pon en dúbida, con todas as normas sanitarias e de seguridade, así como as nutricionais, pero non inclúe esa proximidade na orixe: a carne pode chegar de Polonia, o peixe é conxelado e de especies que se pescan lonxe das nosas costas e que, en numerosas ocasións, nin se consumen tradicionalmente na nosa comunidade.

A Xunta obriga, desde a norma de 2019, ás empresas que xestionan os menús a optar por provedores de proximidade, pero non significa que o produto fornecido sexa efectivamente de proximidade; os provedores locais, á súa vez, traen os alimentos de diferentes partes do mundo, xa non de Galicia ou España. A consulta da trazabilidade dos produtos demostrou que a carne viña de Polonia, o peixe deixou de ser fresco para pasar a ser conxelado, as froitas e hortalizas percorren grandes distancias até chegar o prato dos nosos fillos e fillas, etc. Esta situación non parece lóxica nin desde o punto de vista de defensa do noso sector primario nin desde a sustentabilidade.





Os nosos fillos e fillas merecen unha alimentación de calidade e é fundamental que a escola pública a idades tan temperás sexa un exemplo de calidade e equilibrio nutricional xa que a alimentación senta as bases da saúde infantil, enfrontando así problemas actuais e de futuro como é a obesidade infantil. É importante que os nenos aprendan cal é a frecuencia adecuada de inxesta semanal, por exemplo, de peixe e carne e a importancia dos vexetais e a froita na saúde. Pero non só a calidade alimenticia senón que a seguridade dos produtos consumidos é fundamental e non se soluciona cos produtos de proximidade, por iso, é importante a información do procesado e a trazabilidade dos produtos coa colaboración cos distintos axentes da cadea de produción e distribución.

Para iso, debemos pór en marcha un plan en colaboración coas asociacións de produtores agrícolas, gandeiros e distribuidores que permita dispor de produtos de proximidade na cantidade, calidade e seguridade adecuada para un sistema de comedores distribuídos por toda a comunidade autónoma. Igualmente, sería importante contar coa participación das asociacións de pescadores das distintas pesqueiras, especialmente coas do cerco, así como coas lonxas.

Esta colaboración en rede é necesaria porque, aínda que cada comedor dá servizo a poucos usuarios, a cantidade global é moi importante e en ocasións un único produtor podería individualmente dar soporte a toda a rede.

En definitiva, sería un modelo que por unha banda une a calidade nutricional e alimenticia coa formación en hábitos saudables desde a infancia cos menús escolares co apoio aos sectores primarios da agricultura, gandería e pesca e por último coa sustentabilidade enerxética xa que se evitan longos desprazamentos das materias primas. Un exemplo claro de economía circular da que tan necesitada está a nosa comunidade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:21:58
Nº Rexistro: 16203
Data envío: 07/01/2025 11:21:58,943

Este modelo foi testado na nosa comunidade autónoma con moi bos resultados, eficiente e sustentable economicamente. Este é o caso dos ecocomedores que utilizan, por exemplo, na escola infantil municipal da Caracola, en Novo Mesoiro da Coruña, que non só ten unha mellor calidade do produto, utiliza produtos ecolóxicos, senón que consegue un descenso importante no custo do menú para as familias. Trátase de escalar e estender o modelo.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Realiza a Consellería un seguimento do cumprimento da normativa da Xunta de Galicia do ano 2019 que obriga aos xestores dos comedores escolares a utilización de provedores de proximidade?
2. Ten a Xunta de Galicia constancia da utilización de produtos de proximidade, e da súa trazabilidade, dos polos provedores utilizados polos xestores dos comedores escolares?
3. Dispón a Consellería dun plan específico para fomentar hábitos alimenticios saudables entre os nosos nenos e nenas?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:31:01

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:31:10

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57873

@PSdeG



CSV: B6PIS7B3CFNpK0G6G4-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:21:58
Nº Rexistro: 16203
Data envío: 07/01/2025 11:21:58,943

Elena Espinosa Mangana na data 05/01/2025 12:31:18

CSV: B6P5TRB3CFNpK0G6hG4-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57874

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A situación do CEIP de Cernadas de Castro de Lousame, o único centro de primaria e ESO do concello, é altamente preocupante pola supresión de unha praza de especialista de Audición e Linguaxe e de un coidador dos dous asinados no curso 2023/2024.

Neste CEIP de Cernadas de Castro está actualmente escolarizados 3 rapaces, un cunha enfermidade rara e dous con síndrome autista, cun alto grao de dependencia.

O curso pasado o centro dispoñía de dous coidadores para os tres rapaces e neste curso solo haberá un. Ademais no centro están escolarizados outros 30 rapaces e rapazas con dislexia, retrasos temporais do linguaxe, disfagia, etc. polo que a eliminación dun especialista de AL supón a redución drástica da dedicación a cada neno.

Está claro que un único coidador é totalmente insuficiente xa que os tres rapaces están escolarizados en distintos cursos e non coinciden nin na aula nin nos horarios escolares.

Este problema non é un caso puntual e que xa máis centros fixeron as súas queixas e tamén varias asociacións veñen queixándose da precariedade de recursos asinados, e incluso suprimidos, cara este alumnado con NEAE.

Por iso, o centro precisa da intervención dun docente especialista mais en Audición e Linguaxe a tempo completo, así como dun novo coidador co fin de proporcionar unha atención de calidade ao alumnado do centro.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:22:14
Nº Rexistro: 16204
Data envío: 07/01/2025 11:22:14.475

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a asignar ao CEIP de Cernadas de Castro de Lousame dun novo docente especialista en Audición e Linguaxe (AL) e de un novo coidador?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:33:08

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:33:17





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os traballadores e traballadoras da concesión de transporte público na cidade en Ferrol, así como de comunicación con Narón e Neda, levan en folga desde o pasado día 15 de xullo produto do deterioro cada vez máis avanzado tanto das condicións laborais dos traballadores e traballadoras como do propio servizo.

A instauración do último Plan de transporte de Galicia provocou desde o seu inicio as queixas de milleiros de persoas usuarias, colectivos e traballadores diante dun modo de xestión que está a deixar na nosa comarca unha situación realmente caótica; con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da veciñanza e nos traballadores e traballadoras que prestan este servizo.

Hai que ter en conta que o Concello de Ferrol é o único concello da comarca coa obriga de prestar o servizo de transporte público dentro do límites do seu territorio.

Na actualidade este servizo público está delegado na Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Mobilidade que emprega esta concesión para prestar este servizo ao resto de concellos da comarca e do cal é directamente responsable. A participación dos distintos concellos desenvólvese a través do Plan de Transporte Metropolitano onde cada concello financia o servizo en función da súa poboación.





A precarización do transporte público en Ferrol, e a súa area de influencia, é unha deriva constante. Nos últimos anos a unificación do transporte escolar e o discrecional incidiu aínda máis neste deterioro, ao que se suma a redución dos servizos con destino A Coruña e que xunto cunhas infraestruturas ferroviarias obsoletas están a condenar á nosa contorna ao seu illamento. Por estas razóns resulta inadmisíbel a falta de resposta tanto por parte da Xunta de Galicia diante desta problemática e as súas consecuencias.

As deficiencias e carencia de servizos e frecuencias da concesión xestionada pola Xunta de Galicia son constantes comprometendo a viabilidade e utilidade deste servizo para a veciñanza e están a provocar o deterioro cada vez máis avanzado das condicións laborais dos traballadores e traballadoras que prestan este servizo no concello de Ferrol e a súa contorna.

A empresa de transporte ALSA forma unha UTE na que están integradas dúas empresas, Maitours (formada polo antigo cadro de persoal de Tranvías) e Intercar (formada por persoal subrogado de Monbús).

Desde o comezo da concesión ALSA amosou actitudes diametralmente opostas en ambas empresas, negándose a aplicar unha sentenza xudicial na que se determina que o convenio de aplicación ten que ser o de transporte de viaxeiros/as da provincia da Coruña. Deste modo, ALSA, está condenando ao persoal de Maitours, o antigo persoal de Tranvías de Ferrol, a ter unhas condicións laborais e salariais máis precarias para estes traballadores que as do resto do persoal da UTE, xa que ademais de non aplicar as subas salariais, non cobran dietas e complementos de antigüidade.

Se isto non fora suficiente, a folga convocada débese as ilegalidades que a empresa está a realizar por incumprimentos de acordos acadados coa





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:23:25
Nº Rexistro: 16206
Data envío: 07/01/2025 11:23:25.741

Representación sindical dos traballadores, no respecto a compensación de festivos, organización do traballo, días de descanso e un longo etc.

Polo anteriormente exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que as empresas e UTE concesionarias das distintas liñas de transporte competencia da Xunta de Galicia deben cumprir as condicións dos pregos de concesións, sobre todo no que respecta cos dereitos das persoas traballadoras?
2. Está a Xunta de Galicia realizando seguimento do cumprimento dos pregos das concesións? Que consecuencias ten para as concesións o incumprimento dos pregos e dos contratos de concesións de liñas de transporte metropolitano?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:34:57

Carlos López Font na data 05/01/2025 12:35:11

Paloma Castro Rey na data 05/01/2025 12:35:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57879

@PSdeG



CSV: B6P5TRB3-6774D05902-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A situación actual do IES A Cachada en Boiro, IES ao que están adscritos catro CEIP, en relación á atención educativa do noso alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e altamente preocupante para a comunidade académica xa que contan cun número considerable de alumnos e alumnas con NEAE, 102 dos aproximadamente 400 do centro, cuxa atención educativa está sendo vulnerada pola falta de profesorado especializado.

O número de alumnado con NEAE non se reduce senón que se incrementa curso a curso no IES A Cachada, e mentres tanto o profesorado especialista pasou de tres profesores a solo un para atender aos 102 alumnos que presentan presenta algún tipo de necesidade educativa (autismo, TDAH, problemas de conduta...).

Polo tanto, é fundamental destacar que o alumnado mencionado presenta unha serie de necesidades educativas que requiren unha atención especializada e individualizada, sen a cal o seu progreso académico e benestar emocional poderían verse seriamente comprometidos. Os 16 alumnos/as con Trastorno do Espectro Autista, moitos deles con discapacidade asociada, así como os 41 alumnos/as con Trastornos da Aprendizaxe e/ou da Atención, precisan dunha intervención pedagóxica específica que só un profesional en Pedagogía Terapéutica pode proporcionar. A falta deste apoio non só limita o seu potencial, senón que tamén vulnera os seus dereitos fundamentais á educación e á inclusión, establecidos pola normativa vixente.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:23:50
Nº Rexistro: 16208
Data envío: 07/01/2025 11:23:50.085

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Consellería de Educación asignar de inmediata ao IES da Cachada de Boiro un docente especialista en Pedagogía Terapéutica en exclusiva para o alumnado con NEAE en cumprimento da normativa vixente en materia de educación inclusiva e equidade?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:35:56

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:36:06

CSV: B6P1S1R8G1uYNDG6Gz-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57881

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No centro IES Agra de Leborís de Laracha, que dispón de tres liñas en Bacharelato, estanse a incumprir o acordo sindical asinado entre a Consellería e as centrais sindicais CCOO, UGT e ANPE, nas ratios asignadas por la Consellería de Educación para o próximo curso.

Indican que a situación afecta a os cursos de 1º nos que se alcanza, nalgún grupo, o numero de 33 alumnos por aula, que non se cumpre as ratios acordadas no acordo cos representantes das persoas traballadoras.

Debería estar previsto a incorporación de novo profesorado para axustar as ratios previos, pero a punto de comezar o curso se informa non esta previsto que se cumpra o acordo, facendo a situación insostible e supón un incumprimento do acordo.

Por outro lado, a redución de horas lectivas do profesorado non se compensan con máis profesionais, afectando aos apoios educativos e as gardas, polo que a falta de recursos non solo recorta a educación dos nenos e nenas senón que sobrecarga ao profesorado.

Se incumpre o acordo sindical que, como manifestou o Conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, e o cerne do programa Promociona do Plan MEGA.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:24:15
Nº Rexistro: 16210
Data envío: 07/01/2025 11:24:15.132

Esta situación, como veñen denunciando as federacións de ANPA non é un caso puntual mais centros transmitiron as súas queixas da precariedade de recursos asinados para dar cumprimento o acordo, sendo esta situación xeneralizada nos centros onde se imparte ESO.

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a dar cumprimento inmediato no IES Agra de Leborís de Laracha do acordo asinado con CCOO, UGT e ANPE en todos os cursos e unidades do centro dotando do profesorado e persoal de apoio necesario para cumprir as ratios acordadas e proporcionar, polo tanto, una educación de calidade, inclusiva e equitativa?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:39:45

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:39:54

Patricia Iglesias Rey na data 05/01/2025 12:40:03

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

57883

@PSdeG



CSV: B6P1STB93u0y0A0C500Cz43
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A ANPA do CEIP Plurilingüe Vila de Cee denunciou publicamente o incumprimento do acordo sindical asinado entre a Consellería e as centrais sindicais CCOO, UGT e ANPE, nas ratios asignadas por la Consellería de Educación para o próximo curso

Indican dende a ANPA que la situación afecta «a todos os cursos, aínda que son especialmente prexudicados os catro cursos de educación primaria, nos que non se cumpre a normativa.

Inicialmente estaba previsto a incorporación dun profesor máis de educación primaria, ó non cumprir os requisitos previos, pero catro días antes de empezar o curso se informa que non se cumprirá este acordo excepcional de mínimos. A situación de insostible e non se cumpre a esixencia de que nas clases que o pasado curso había entre 22 e 25 alumnos non pode ter agora máis estudantes.

Por outro lado, a redución de horas lectivas do profesorado non se compensan con máis profesionais, afectando aos apoios educativos e as gardas, polo que a falta de recursos non solo recorta a educación dos nenos e nenas senón que sobrecarga ao profesorado.

Se incumpre o acordo sindical que, como manifestou o conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:24:42
Nº Rexistro: 16212
Data envío: 07/01/2025 11:24:42.929

calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, e o cerne do programa Promociona do Plan MEGA.

Esta situación, como veñen denunciando as Federacións de ANPA non é un caso puntual e que xa mais centros transmitiron as súas queixas da precariedade de recursos asinados para dar cumprimento o acordo.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a dar cumprimento inmediato no CEIP de Vila de Cee do acordo asinado con CCOO, UGT e ANPE en todos os cursos e unidades do centro dotando do profesorado e persoal de apoio necesario para cumprir as ratios acordadas e proporcionar, polo tanto, una educación de calidade, inclusiva e equitativa?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:41:33

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:41:42

Patricia Iglesias Rey na data 05/01/2025 12:41:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57885

@PSdeG



CSV: B6P1STB03wWj@G40Gz-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:26:04
Nº Rexistro: 16214
Data envío: 07/01/2025 11:26:04.039

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Comeza un curso escolar tinguido polos anuncios grandilocuentes da Consellaría de Educación e do propio presidente da Xunta de Galicia, pero sen ningún avance destacado a respecto do que é a política educativa desenvolvida polo goberno do PP na Xunta de Galicia.

Mentres, a Consellería anuncia a bombo e platillo o Plan MEGA (Mellora Educación Galega) anunciando a incorporación de máis mestres e persoal de apoio. O propio Conselleiro manifestou na súa comparecencia no Parlamento, que este Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades.

Os centros reciben promesas da reforzos, maioritariamente debido a incorporación do persoal do Plan PROA+, impulsado e financiado polo Goberno central ata o 2028, pero xa terían que ter recibido ese persoal que é consecuencia do número de alumnos, a cuantificación nas de ratios do alumnado con necesidades educativas (NEE) que a Consellería debiera ter planificado antes do inicio do curso. E mentres tanto a planificación da Consellería está a producir unha redución do profesorado especialista AL e PT nun número significativo de centros galegos. En definitiva, parece un gran proxecto pero sobre todo é unha gran mentira.

A día de hoxe, debido á falta de previsión, pouca ou nula dotación de recursos - sobre todo humanos- e polo continuo incumprimento dos acordos acadados





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:26:04
Nº Rexistro: 16214
Data envío: 07/01/2025 11:26:04.039

cosas organizacións sindicais, moitas familias aínda non saben onde van a ter escolarizados aos seus fillos/fillas.

Incluso existen casos nos que as familias teñen que ver como os seus fillos son escolarizados en centros distintos.

Nesta situación complicada e complexa atópanse os pais e nais dos centros educativos da Laracha. No CEIP Alfredo Brañas, CEIP de Caión e no CEIP Ramón Otero Pedraio hai a día de hoxe familias esperando, dende o mes de xullo, a que dende a Xefatura Territorial se escolarice aos seus fillos/fillas.

Chegando a situación onde, dentro da mesma familia, un fillo ou filla é escolarizado nun centro do Concello da Laracha e outro/s fillo/s en centros distintos da mesma localidade. Todo posiblemente para non ter que dotar a eses centros de novas aulas por desdobre por superación das ratios aplicadas e non conceder máis persoal.

Por todo isto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten pensado a Xunta de Galicia tomar medidas para permitir o reagrupamento dos fillos/as das familias da Laracha nun único centro?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:43:37

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57887

@PSdeG



CSV: B6PISJTRD3-WjndG50Gz3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:26:04
Nº Rexistro: 16214
Data envío: 07/01/2025 11:26:04.039

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:43:46

Patricia Iglesias Rey na data 05/01/2025 12:43:54

CSV: B6PISJTB93-Wj4dG50Gz3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57888

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O pasado ano os representantes das persoas traballadoras e a Xunta de Galicia asinaron un acordo que, como manifestou o conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, e o cerne do programa Promociona do Plan MEGA.

No acordo fixébanse uns criterios de referencia para a agrupación de varios cursos nunha mesma aula para a fixación de novas ratios máximas de alumnado por aula. Aceptábase que a agrupación de cursos distintos nunha mesma aula só se levaría a cabo se a suma dos diferentes niveis daba lugar a un grupo máximo de 14 alumnos/as (se todos eran do mesmo ciclo) e de 12 (se eran de ciclos distintos).

A pesar do acordo, segundo veñen denunciando dende as federacións de ANPA, numerosos centros de ensino da provincia, sobre todos das zonas rurais que sofren un intenso descenso demográfico, estanse a producir agrupamentos de alumnado de cursos distintos que incumpirían eses criterios.

En varios casos non se respectan as novas ratios máximas de alumnado por aula nin se ten en conta a presenza de alumnado con necesidades especiais que debería contar coma dous alumnos ou coma tres, en función do grao de discapacidade.





Esta situación de agrupamento prodúcese na inmensa maioría en centros situados en núcleos rurais da provincia da Coruña, e tamén nas outras provincias, os cales sempre contan cun mínimo de recursos para o alumnado, relegándoos a ser nenas e nenos de segunda, as familias séntense desprotexidas á hora de ofreceres ás súas fillas e fillos unha educación de calidade no rural, como reiteradamente denunciámos os socialistas de Galicia no parlamento.

A maiores, nestes días a propia Federación de Mulleres Rurais de Galicia solicitoulle á Xunta de Galicia que mellore a dotación para este curso 2024/2025 de recursos humanos e materiais nas escolas rurais galegas a través de políticas centradas na loita contra o despoboamento do interior de Galicia. A modificación de cocientes na agrupación de nenos no nivel infantil e primaria, unido a falla de persoal de apoio para nenos e nenas con NEAE, está provocar unha diminución na calidade da educación e discriminación da escola rural e unha fuxida cara as zonas urbanas. Situación que se ve confirmada co peche de seis escolas unitarias, que se suma aos dos de anos anteriores.

A Consellaría de Educación di estar avaliando os datos para organizar as unidades escolares en función das matrículas centro a centro e tomar de decisións sobre agrupamentos. Isto é inadmisíbel xa que realízase a posteriori e tardiamente, mantendo aos familias na incerteza de onde escolarizará aos seus nenos e nenas, cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Esta situación é consecuencia da redución de recursos humanos, para a escola en zonas rurais. Falta de profesorado que prexudica ao alumnado, pero tamén aos docentes, que ven como a súa carga de traballo está por riba do normal e do soportable. Non é o mesmos traballar nun aula con alumnado dun único curso, que traballar con alumnado de distintos cursos na mesma aula, sobre





todo cando no momento da programación do curso existe incerteza de como será a organización e a dotación de recursos, incerteza que fai que numerosas familias decida trasladar aos nenos a cidades próximas coa conseguinte despoboamento dos centros de ensino e do rural.

Por todo isto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cree a Consellería que a limitación de prazas ofertadas nos cursos iniciais de cada ciclo facilita o mantemento dos alumnos nos centros do rural e así garantir a súa sustentabilidade e non perda de alumnado?
2. Que previsións ten a Consellería de Educación de dotación de especialistas de NEAE nas escolas do rural?
3. Que medidas pensa adoptar a Consellería para que a educación do rural, ademais de calidade, sexa tamén equitativa e inclusiva garantindo a integración e a igualdade de oportunidades dos alumnados do rural e o das zonas urbanas?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:45:22

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:45:31





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:26:28
Nº Rexistro: 16216
Data envío: 07/01/2025 11:26:28.758

Patricia Iglesias Rey na data 05/01/2025 12:45:43

CSV: B6P5TRB3aYNDK1ZB33
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

57892

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Os representantes das ANPA e os grupos municipais da oposición veñen denunciando a falta de compromiso e de responsabilidade da consellería de educación cara á situación dos centros educativos da cidade.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de “deixamento absoluto” cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, atópase indignada ao non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir neste comezo de curso. Os recortes que está a aplicarse repercuten non só na calidade da docencia que reciben os nenos e nenas, senón tamén na carga do profesorado.

Nos centros da cidade de Ferrol atopamos distintas problemáticas que, en todos os casos, afectan a calidade educativa:

O IES Ferrol Vello comeza o curso con dous docentes menos, que trae como consecuencia a supresión dun itinerario en 4º da ESO, Ciencias Sociais e as Humanidades. Nun centro pequeno como é o IES Ferrol Vello, dous profesores representan un alto porcentaxe do cadro docente, polo que máis alá da perda das optativas de latín e de economía, significa a perda de moitas das horas que dedicaba o profesorado a programas educativamente tan interesantes como os recreos dinámicos, titorías entre iguais, os recunchos dá calma, ou a posibilidade de constituír grupos de aprendizaxe específico de linguas, etc.,





poñendo en risco unha serie de programas efectivos e fundamentais para un ensino integrador, equitativo e de calidade.

No IES Canido tamén se reducen dous docentes e outros dous no IES Sofía Casanova, de maneira que tamén suprímense especialidades e as materias son impartidas por profesorado de áreas afíns que teña dispoñibilidade.

O IES Catabois, cunha alta porcentaxe de familias en risco de exclusión social e de migrantes, que non teñen nin o español nin o galego como primeira lingua, non ten en este momento persoal para realizar o reforzo para a acollida lingüística necesaria para o seu progreso no sistema educativo.

No CEIP Leticia, único centro de ensino público no barrio de Caranza, con 27 alumnos en 2º de primaria, catro dos cales teñen necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), non se concedeu até agora un desdoblamento, unicamente concédese un profesor compartido co CEIP Isaac Peral, co que contando coas horas dos profesores de música e educación física que prestaban apoio noutros grupos, poderán facer desdoblamento só os dous días que teñan asignado ese profesor compartido quedando desatendidos os outros grupos.

O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, cando en realidade estase producindo, no caso do concello de Ferrol, unha redución de profesorado e dos especialistas, PT e AL, que son fundamentais, como é o caso do IES Ferrol Vello, que non poden ser substituídos polos reforzos do Programa PROA+, que son benvidos, pero que son profesores de apoio para aquelas aulas que teñan polo menos un 30% con NEAE.



A Consellaría de Educación di estar avaliando os datos para organizar as unidades escolares en función das matrículas centro a centro para tomar decisións sobre agrupamentos. Isto é inadmisíble xa que realizase tardiamente co curso comezado, provocando nos equipos directivos incertezas e ter que realizar novas programacións cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia de que o recorte de profesorado do IES Ferrol Vello significa a imposibilidade de que o alumnado realice o itinerario de Ciencias sociais de humanidades?
2. Como estima a Xunta que pode afectar esta redución de profesorado dos centros públicos de Ferrol a futura matrícula?
3. Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia a existencia nos centros de Ferrol de experiencias educativas innovadoras como son os recreos dinámicos, a tutoría entre iguais, os recunchos dá calma, ou substituír as expulsións pola permanencia no centro en aula separada dun xeito acompañado?
4. Considera a Xunta que é posíbel manter a calidade educativa nun centro no que se reduce un 10 % do profesorado, como sucede no IES Ferrol Vello?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:26:52
Nº Rexistro: 16218
Data envío: 07/01/2025 11:26:52.523

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:47:27

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:47:36

CSV: B6P5TRB9zyM0C5m6d-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57896

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Neste inicio do curso 2024/2025, as familias dos nenos escolarizados no CEIP O Pindo (Carnota), e na escola unitaria referente para o alumnado do Ézaro (Dumbría) e de diversos núcleos de Carnota, especialmente Pindo, Curra, Quilmas, Panchés e Caldebarcos, veñen denunciando a precaria situación na que se atopan os centro e a deficitaria atención educativa que están tendo os seus fillos e fillas neste curso.

A Comunidade educativa do centro está constatando este curso como dende a Consellería de Educación estase facendo unha pésima xestión, con recortes totalmente inaceptables e unha redución de persoal totalmente inexplicable e que socava o bo proxecto levado a cabo nos últimos cursos.

Tanto a Dirección do centro, como o alcalde do Concello de Carnota, como a ANPA do centro fixeron chegar á Administración educativa as peticións básicas que se precisan para que o alumnado sexa atendido; a día de hoxe, co curso comezado, seguen sen respostas e sen solucións.

As súas xustificadas demandas para o curso 2024/2025 foron remitidas aos servizos territoriais e abordadas na reunión mantida entre o alcalde de Carnota e o conselleiro de Educación o pasado 2 de setembro, a quen fixeron chegar de novo as peticións de toda a comunidade educativa: Consello Escolar, familias con alumnado que presenta necesidades educativas específicas e





profesionais educativas do centro educativo, sen que ata o momento obtiveran resposta.

As súas xustas peticións son: dotar de máis horas de mestres especialistas en PT e AL. Actualmente contan con un PT durante 5 horas, redución do 50 % respecto ó curso pasado, totalmente insuficientes polo que se solicita recuperar as horas do curso anterior. Especialista AL a tempo completo: actualmente non dispoñen de especialista AL cando o curso pasado dispoñían de 10 horas de AL. A Consellería comprometeuse a dotar un AL a tempo completo, pero ata este momento nos se asignou. Igualmente solicitan Persoal Auxiliar Coidador para un alumno que, segundo o Equipo de Orientación da propia Consellería, precisa do apoio de especialistas en PT, AL e Persoal Auxiliar Coidador e que, a día de hoxe, está desatendido.

O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades e a equidade. cando na realidade estase a producir unha diminución na calidade da educación e discriminación da escola rural provocando unha fuxida cara as zonas urbanas. Situación que se ve confirmada co peche de seis escolas unitarias este curso.

O propio conselleiro de Educación é coñecedor de primeira man da situación no CEIP O Pindo e destas demandas polo que é incomprensible a inacción e a falta de resposta da Consellería.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:27:20
Nº Rexistro: 16220
Data envío: 07/01/2025 11:27:20.852

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cree a Consellería de Educación que pode se pode facer verdadeira educación equitativa, inclusiva e integradora reducindo a dotación de persoal docente especialista de PT e AL?
2. Como se garante a igualdade de oportunidade para o alumnado que precisa, segundo o servizo de orientación da propia consellería, asistencia e coidados específicos?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:49:07

Patricia Iglesias Rey na data 05/01/2025 12:49:15

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 12:49:25





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:27:45
Nº Rexistro: 16222
Data envío: 07/01/2025 11:27:45,086

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Os datos oficiais publicados recentemente son contundentes: segundo PescadeGalicia, o 1 de xaneiro ata o 12 de agosto, as vendas en lonxa son de 2,58 millóns de quilos, un 40 % por baixo do mesmo período do 2023 e a metade da media dos últimos 23 anos.

Esta crise pásalle factura sobre todo ás mariscadoras e mariscadores, tanto os que faenan a pé como en embarcación, e tamén aos pescadores de baixura e litoral: desde xaneiro facturaron 33,45 millóns de euros, un 26 % menos que o ano pasado por estas datas e un 37 % menos que a media do que vai de século, nin o incremento de prezos compensa a drástica redución de capturas cando o prezo do quilo de marisco este ano é un 43 % superior á media desde o ano 2000.

Ante todo este panorama a Consellería do Mar non solo nega a realidade, senón que se esconde tras xustificacións puntuais, busca culpables noutras administracións e anuncia día tras día o Plan de competitividade e sostenibiliidade do sector marisqueo 2023-2025, que nin os axentes do sector coñece, e afirma que toma todas as medidas necesarias para a protección do sector marisqueiro.

A realidade non é así: as medidas e axudas que se anuncian non se plasman en convocatorias e cando é así, a carga burocrática e a tramitación fai que non chegan ou tardan en recibir ás persoas afectadas, por exemplo as axudas como consecuencias dos peches dos bancos neste ano 2024 aínda non están





xestionadas totalmente e as axudas de 550 euros, que se aceleraron por razóns electorais do PP, cando para máis de 7.000 persoas beneficiarias escasamente chegaron a 4.000, quedando sen abonar aproximadamente 2 M€ dos 4,5 inicialmente asignados.

O propio conselleiro afirmou en sede parlamentaria, estar en contacto directo co sector e que toma todas as medidas de protección do medio e das persoas traballadoras do mar, sen embargo, as propias confrarías trasladan publicamente a súa preocupación pola "ausencia de solucións dilixentes e efectivas" ante os "graves problemas" que atravesamos o sector do marisqueo galego.

É demostración do malestar do sector por como a Consellería está a xestionar as convocatorias para poder acollerse ás axudas pola paralización temporal do FEMPA (Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura), tanto polos criterios como pola cantidade total que finalmente percibe cada mariscador/a que nada ten que ver, afirman, co prometido pola Consellería do Mar. Para esas confrarías pontevedresas non hai dúbida de que «existe un incumprimento manifesto» do que había anunciado a Consellería do Mar.

A Consellería leva moito tempo perdido, pero o sector marisqueiro non ten tempo, a Consellería ten que actuar xa.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que nivel de coordinación e diálogo estableceu a Consellería co sector marisqueiro para a posta en marcha das axudas aos mariscadores/as do Plan de Competitividade e Sostenibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:27:45
Nº Rexistro: 16222
Data envío: 07/01/2025 11:27:45.086

2. Que valoración fai a Consellería do desenvolvemento das axudas ao sector marisqueiro e do seu impacto na sostenibilidade do mesmo?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 12:52:45

Carlos López Font na data 05/01/2025 12:52:55





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 8ª**.

Os datos oficiais publicados recentemente reafirman a crise marisqueira que esta sufrindo Galicia desde hai xa demasiado tempo. Esta situación foi reiteradamente denunciada por todos os sectores do sector do mar, concellos das zonas marisqueiras, os partidos da oposición, etc. e negados sistematicamente pola Consellería.

Esta crise pásalle factura sobre todo aos mariscadores e mariscadores, tanto os que faenan a pé como en embarcación, e tamén aos pescadores de baixura e litoral: desde xaneiro facturaron 33,45 millóns de euros, un 26 % menos que o ano pasado por estas datas e un 37 % menos que a media do que vai de século, nin o incremento de prezos compensa a drástica redución de capturas cando o prezo do quilo de marisco este ano é un 43 % superior á media desde o ano 2000.

Finalmente, a Consellería do Mar non pode máis que recoñecer o que, reiteradamente, levamos dicindo: A caída da produción marisqueira e sistémica, debéndose fundamentalmente a procesos vinculados ao cambio climático e á contaminación mariña, son os factores ambientais, naturais e/ou antropoxénicos, os que obxectivamente están influíndo na diminución de produción.

E por tanto claro que a acción humana e a xestión dos recursos naturais e industriais ten un efecto directo sobre a produtividade das nosas rias. Un dos parámetros que afecta aos bancos marisqueiros e a salinidade das augas,





sobre todo, en espazos como son as rías sometidos a procesos diarios de subida e baixada das mareas.

É crítico, polo tanto, a incorporación de grandes volumes de auga doce en determinados momentos das mareas. Este aporte prodúcese polos ríos, e nalgúns rías, como é a de Arousa, o aporte neste caso do Ulla e moi importante. Está claro que a intensidade das choivas non poden ser reguladas, pero si que poden ser regulados e controladas a xestión que dos encoros realizan as empresas que xestionan esas infraestruturas hidráulicas.

As actuais tecnoloxías de comunicacións fan posible establecer sistemas de alerta e aviso para regular e comunicar aos sectores implicados cando se pode baleirar sen risco ambiental e regular e comunicar o proceso. A Xunta de Galicia ten competencias exclusivas de xestión da maioría das concas hidrográficas de Galicia e, por tanto, é competente para redactar esa normativa. A Consellería do Mar e a Xunta de Galicia levan moito tempo perdido, tempo que o sector Marisqueiro xa non ten.

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. En que estado se atopa a comunicación entre as empresas responsables e a coordinación entre distintos organismos competentes da Xunta de Galicia relativas á xestión dos encoros nas concas hidrográficas de competencia autonómica?
2. Que estudos se están a realizar pola Consellería do Mar para avaliar as consecuencias dun proceso de xestión do baleirado e mantemento do encoros nas rías galegas, con especial relevancia na Ría de Arousa?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:28:10
Nº Rexistro: 16224
Data envío: 07/01/2025 11:28:10.243

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 17:58:18

Carlos López Font na data 05/01/2025 17:58:28

CSV: B6P5TRBQ04H2C5002-83
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57905

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado día 29 de setembro celebrouse o Día Mundial do Corazón. É unha boa razón para dar unha ollada a resposta que dá a nosa sanidade pública á atención as doenzas coronarias en xeral e ao que ten que ver co tratamento e recuperación das enfermas e enfermos cardíacos na nosa comunidade autónoma.

Na área de Ferrol, por poñer un exemplo, atopámonos cunha incidencia anual de máis de 500 infartos de miocardio que, por fortuna, en gran parte actualmente se recuperan, pero precisan dunha atención especializada e dun proceso específico de rehabilitación. Na actualidade na área de Ferrol temos unha poboación de máis de 3000 pacientes con insuficiencia cardíaca e que precisarían da atención destes servizos de rehabilitación cardíaca.

Sen embargo, estes pacientes atópanse totalmente desprotexidos e abandonados polo Servizo Público Galego de Saúde xa que, contrariamente ao que sucede nos outros hospitais e áreas sanitarias, o Complexo Hospitalario de Ferrol non dispón desa necesaria unidade de rehabilitación cardíaca. Esta situación agrávase xa que tampouco existe esta unidade de rehabilitación cardíaca no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, co que os pacientes de cardiopatía da área de Ferrol, e tamén da Coruña, teñen que desprazarse a Santiago ou a Lugo, os hospitais públicos máis próximos que dispoñen deste servizo. Isto supón unha importante dificultade xa que o





traslado ten que realizarse por medios propios ou públicos xa que non son atendidos polo transporte sanitario, ademais dun custe adicional que en moitas ocasións non pode ser afrontado polos pacientes de sectores económicos vulnerables, o que aumenta aínda máis a desigualdade á hora de acceder a un servizo público esencial como é a sanidade, que debería ser unha das principais preocupacións da Consellería de Sanidade.

Aínda é mais incomprendible cando a área de Ferrol é unha das que teñen unha maior incidencia de episodios de insuficiencia cardíaca o que faría prioritario a existencia dese servizo nesta área.

Polo tanto, non é de recibo que a Consellería de Sanidade manteña estas dúas áreas sanitarias, Ferrol e Coruña, sen este servizo tan importante para a saúde e a calidade da atención sanitaria da nosa poboación e que supoña unha desigualdade e agravio manifesto con respecto as outras áreas sanitarias galegas que si dispoñen deste servizo.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os números e porcentaxes de incidencia dos episodios de cardiopatías nas áreas sanitarias de Ferrol, e de A Coruña – Cee?
2. Cales son os criterios para dotar de un servizo de rehabilitación cardíaca aos hospitais públicos de Galicia?
3. Cree a Consellería que non é necesario un servizo de rehabilitación cardíaca na área de Ferrol?, e na de A Coruña-Cee?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:28:36
Nº Rexistro: 16226
Data envío: 07/01/2025 11:28:36,336

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 18:00:24

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 18:00:35

Elena Espinosa Mangana na data 05/01/2025 18:00:45

CSV: B6P1S1R9QJ6jK0Z5M0Z-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57908

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Na comarca do Barbanza existe unha carencia de solo industrial que impide a implantación de desenvolvemento de industria e empresas que permitan a necesaria actividade económica que permita o futuro desta zona xeográfica.

Ribeira dispón un proxecto de competencia municipal para a posta en funcionamento dun parque industrial que poida dar solución a máis de tres décadas de esgotamento de chan industrial no concello.

A asociación de empresarios de Ribeira urxe que se axilicen os prazos deste proxecto vital para Ribeira e que se reduzan os prazos para que o polígono sexa unha realidade.

O concello precisa financiamento para a construción do polígono e así poder facer realidade este proxecto que permitirá a implantación e ampliación das empresas no concello.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación ofreceu recentemente o apoio da Xunta de Galicia para a posta en marcha do novo polígono industrial do Concello de Ribeira, xa que dentro “das prioridades da Xunta de Galicia e dinamizar a actividade empresarial e captar novas inversións”, anunciou a conselleira.





O Concello de Ribeira xa realizou as expropiacións dos terreos do novo polígono industrial de 156.800 metros cadrados, e a probou o proxecto definitivo de urbanización e reclama axuda financeira a Xunta de Galicia para que o polígono sexa unha realidade.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o acordo da Consellería de Economía, Industria e Innovación que permita materializar o apoio da Xunta de Galicia a construción do polígono Industrial de Ribeira?
2. Que financiamento ten previsto aportar a Consellería para a construción e dotación de infraestruturas do polígono industrial de Ribeira?
3. En que prazos prevé a Consellería que podería estar dispoñible o polígono industrial de Ribeira para que as empresas podan implantarse nel?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:29:03
Nº Rexistro: 16228
Data envío: 07/01/2025 11:29:03,212

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 18:02:34

Patricia Iglesias Rey na data 05/01/2025 18:02:45

Lara Méndez López na data 05/01/2025 18:02:55

CSV: BGRISIRBQyWjD050Gz-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57911

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.

No discurso de investidura do 9 de maio de 2024 e na constitución do Goberno do Sr. Rueda unha das principais novidades foi a aposta pola promoción do I+D+i en Galicia coa inclusión das competencias da Ciencia na Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, que materialízase coa incorporación da Axencia Galega de Innovación (GAIN) na Consellería coa función da xestión das políticas de Ciencia e Desenvolvemento pero sen as competencias de innovación empresarial. Curiosamente, esta incorporación do GAIN na Consellería non supuxo a supresión da Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria, sen quedar claro quen e con que instrumentos xestionan a Ciencia e o I+D na nosa comunidade.

O ecosistema de I+D+i da nosa comunidade precisa dun marco estable e sostible dos programas e convocatorias nos distintos programas de financiamentos de programas e proxectos de investigación estrutural e competitivas e, sobre todo, nas convocatorias para axudas dos distintos contratos para persoal investigador nas distintas categorías, predoutorais, postdoctorais, ciencia excelente é captación de talento, que son os distintos pasos que caracterizan e definen a carreira investigadora na nosa comunidade.

O ecosistema do I+D+i galego non pode seguir con continuos cambios nas estruturas xestoras nin nos programas a que nos ten acostumados o Goberno do Partido Popular. Precísase continuidade na articulación, coordinación e financiamento así como os criterios de acceso, xestores dos programas, etc. Si





isto é importante nas convocatorias de fondos de investigación competitivos e estruturais, especial atención debe terse nas que desenvolven a carreira investigadora estable e en condicións laborais dignas aos investigadores e as investigadoras na nosa comunidade.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales serán as unidades xestoras na actual estrutura organizativa da Xunta de Galicia dos distintos programas de financiamento da I+D+i actualmente en vigor?
2. Cal é o calendario plurianual de convocatoria e resolución dos distintos programas de financiamento da actividade investigadora de investigadores, grupos e centros de investigación?
3. En materia de recursos humanos, cales son as programacións das distintas convocatorias de Recursos Humanos que permite deseñar a carreira investigadora dos futuros investigadores e investigadoras? Cal é a programación plurianual das distintas convocatorias?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 18:05:18

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 18:05:28





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:29:28
Nº Rexistro: 16230
Data envío: 07/01/2025 11:29:28.306

Patricia Iglesias Rey na data 05/01/2025 18:05:38

Lara Méndez López na data 05/01/2025 18:05:46

CSV: B6P5TRB9GhZKX0650C8-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57914

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No centro IES Agra de Leborís da Laracha, que dispón de tres liñas en ESO, estanse a incumprir o acordo sindical asinado entre a Consellería e as centrais sindicais nas ratios asignadas por la Consellería de Educación para o próximo curso, nos cursos de 1º se alcanza, en algún grupo, o numero de 33 alumnos por aula, que non se cumpre as ratios acordadas no acordo cos representantes dos traballadores.

Debería estar previsto a incorporación de novo profesorado para axustar estas ratios o curso comezou e non está previsto que se cumpra o acordo. Ademais, a redución de horas lectivas do profesorado non se compensan con novo profesorado, afectando aos apoios educativos e as gardas, provocando a sobrecarga do profesorado.

Ante a falta de resposta da Consellería estanse a producir protestas dos pais e nais como consecuencia da masificación tanto na ESO coma de Bacharelato.

Denuncian ademais que o tamaño das clases non cumpre coa normativa, afectando á calidade da docencia. Este efecto é mais significativo no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, case cen, que este curso solo teñen un especialista en Pedagogía Terapéutica (PT), menos que o curso pasado, e ademais forma parte da Dirección.

Pero as reducións e a falta de profesorado son a causa de que materias troncais e optativas como Latín, Grego e Física son impartidas en modalidade on line dende a biblioteca, por falta de profesorado no centro. Esta situación ten





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:29:42
Nº Rexistro: 16231
Data envío: 07/01/2025 11:29:42,243

consecuencias directas na calidade da formación recibida polas alumnas e alumnos e no seu futuro académico.

Incúmprese o acordo sindical que, como manifestou o conselleiro na súa Comparecencia no Parlamento, era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, e non se dota do profesorado necesario para impartir as materias das distintas opcións de ESO e Bacharelato

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a dar cumprimento inmediato no IES Agras de Leborís de Laracha do acordo sindical en todos os cursos e unidades do centro, dotar do profesorado necesario para que todas as materias sexan impartidas en formato presencial así como do profesorado PT necesario?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 18:08:06

Patricia Iglesias Rey na data 05/01/2025 18:08:14

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57916

@PSdeG



CSV: B6P5TRBQ-0yHdGgGz3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:29:42
Nº Rexistro: 16231
Data envío: 07/01/2025 11:29:42.243

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 18:08:23

CSV: B6P5TRBQ-0yHdG6Gz3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57917

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

En este inicio do curso 2024-2025 nos centros de Cerceda atopamos distintas problemáticas que, en todos os casos, afectan a calidade educativa que están sendo denunciados polos representantes das ANPA, os equipos directivos e Concello e grupos municipais quen o achacan a falta de compromiso e de responsabilidade da consellería de educación cara á situación dos centros educativos da cidade.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de “deixamento absoluto” cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, atópase indignada ao non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir neste comezo de curso. Os recortes que está a aplicarse repercuten non só na calidade da docencia que reciben os nenos e nenas, se non tamén na carga do profesorado.

As deficiencias detectadas son:

No CPI O Cruce existen dúas prazas de profesorado, unha de orientador e outra de profesor de lingua española que non están cubertas por que o profesorado está neste momento en comisión de servizo noutros centros pero non enviaron outro persoal a cubrilas, a pesar de que a Consellería indicou que se cubrirían de oficio. Este curso reducíronse as dotacións de profesorado especialista AL, en concreto un a media xornada menos, mentres o número de alumnos con NEAE aumentaron respecto ao curso pasado. Tamén teñen o





profesorado de Lingua Española a media xornada, o que é insuficiente. Ademais seguen solicitando un coidador máis xa que o único que teñen é insuficiente.

O CEIP Celso Emilio Ferreiro comparten orientadora co colexio de Tordoia, no cal ten xornada completa e comparten medio AL co CPI O Cruce, sendo insuficiente nos dous colexios.

O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, cando en realidade estase producindo, no caso dos centros do concello de Cerceda, unha dotación insuficiente de profesorado, e sobre todo de especialistas AL, que son fundamentais.

A Consellería de Educación di estar avaliando os datos para organizar as unidades escolares en función das matrículas centro a centro para tomar decisións. Isto é inadmisíble xa que se realiza tardiamente co curso comezado, provocando nos equipos directivos incertezas e ter que realizar novas programacións cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como estima a Xunta de Galicia que pode afectar a calidade de un centro como o CIP O Cruce que non se cubran as pazas valeiras por comisións de servizos?
2. Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia que mentres aumenta o numero de alumnos con NAEA en linguaxe se reduzan a dotación de especialistas AL nos centros, como sucede no CPI o Cruce?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:30:08
Nº Rexistro: 16233
Data envío: 07/01/2025 11:30:08,259

3. Considera a Xunta de Galicia que é posible manter a calidade educativa nun centro no que se reduce o profesorado, como sucede non centros de Cerceda?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 18:09:22

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 18:09:31

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57920

@PSdeG



CSV: B6P5T8D3RyKq6G6Z-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Neste inicio do curso 2024-2025 atopámonos con distintas problemáticas en numerosos centros da comunidade galega, afectando na maioría dos casos a redución de efectivos de profesorado especialista en PT e AL e de coidadores para os alumnos con NEAE, ademais da non realización dos desdobres necesarios outro non dotación de profesorado. Esta incidencias están sendo denunciados polos representantes das ANPA e os equipos directivos que o achacan a falta de compromiso e de responsabilidade da Consellería de Educación cara á situación dos centros públicos de educación.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de “deixamento absoluto” cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, atópase indignada ao non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir neste comezo de curso. Os recortes que está a aplicarse repercuten non só na calidade da docencia que reciben os nenos e nenas, senón tamén na carga do profesorado.

Este é o caso do IES Agra do Orzan de A Coruña que está reclamando insistentemente a dotación de dúas prazas de especialista en Pedagogía Terapéutica, imprescindible para a tendes ao alumnado con NEAE escolarizado no centro. A negativa da Consellería a dotar a este profesorado está a causar malestar na comunidade educativa que iniciou un calendario de mobilizacións e protestas públicas denunciando a situación do centro.





O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, cando en realidade estase producindo casos como IES Agra do Orzan da Coruña onde existe unha dotación insuficiente de profesorado especialista PT, que son fundamentais.

A Consellería de Educación di estar avaliando os datos para organizar e asinar os recursos en función das matrículas dos centros. Isto é inadmisíble xa que se realiza tardiamente co curso comezado, provocando nos equipos directivos incertezas e ter que realizar novas programacións cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia que mentres aumenta o número de alumnos con NEAE non se doten suficientemente os especialistas PT e AL nos centros, como sucede no CPI Agra do Orzan da Coruña?
2. Considera a Xunta que é posíbel manter a calidade educativa nun centro sen a dotación adecuada de o profesorado axustado as características do centro e do estudantado?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 18:11:06





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:30:35
Nº Rexistro: 16235
Data envío: 07/01/2025 11:30:35.947

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 18:11:15

CSV: B6PIS7B93RyKIDG50Sz-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57923

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Sergas está a derivar pacientes psiquiátricos menores de 65 anos ás residencias de maiores da Xunta de Galicia, a pesar de que estes centros carecen de persoal especializado, nin médicos nin enfermaría, en enfermidades mentais. Tampouco existen protocolos específicos. A situación é, segundo alertan traballadoras do sector, explosiva.

A convivencia resulta difícil, as instalacións non están adaptadas e carecen de profesionais adecuados para o labor xa que unha residencia de maiores non pode ser alternativa a un hospital psiquiátrico.

Esta situación estalou finalmente na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros, unha das maiores residencias de xestión pública da Xunta de Galicia con 284 prazas. O persoal denuncia a situación sustentable pola deterioración das instalacións e o ingreso sen protocolos claros de pacientes psiquiátricos en plantas con anciáns dependentes. A situación, segundo denuncian os traballadores e traballadoras, xa está a provocar conflitos entre residentes e traballadores.

De ningún modo estamos a estigmatizar ás persoas con algún problema de saúde mental, pero debe de ser compatible cos pacientes xeriátricos, que teñen tamén unhas características, necesidades e dependencias diferentes. A chegada de pacientes psiquiátricos ás mesmas plantas, corredores ou



habitacións que anciáns e anciás dependentes con patoloxías propias da idade complica o día a día do centro.

Por tanto, para que esa convivencia sexa posible é necesario que as instalacións sexan adecuadas, pero sobre todo hai que ter protocolos adecuados, débense de impartir aos persoal cursos de aprendizaxe para tratar cos pacientes psiquiátricos e dispor de persoal suficiente para facer fronte á carga de traballo resultante, que non é a mesma para todos os graos de dependencia e debería ser máis alta para os perfís psiquiátricos.

Por contra a Consellería de Política Social límtase a dicir que compaxina a súa correcta atención co benestar dos demais usuarios remitíndose á creación de unidades psioxeriatricas especializadas, pero que non existen en todas as residencias onde hai enfermos de saúde mental.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a situación da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros con respecto aos residentes xeriatricos e psioxeriatricos?
2. Dispón a Xunta de Galicia de protocolos de actuación para a atención de enfermos de saúde mental nas residencias xeriatricas?
3. É a dotación de RRHH da Residencia Asistida de maiores de Oleiros suficiente para dar unha atención adecuada aos distintos tipos e características de residentes en función da súa dependencia?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:31:01
Nº Rexistro: 16237
Data envío: 07/01/2025 11:31:01.869

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 18:12:40

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 18:12:50

Elena Espinosa Mangana na data 05/01/2025 18:12:59

CSV: B0P1S1R8D3-EYQdC6A6Z-88
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57926

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 4ª**.

Neste inicio do curso 2024-2025 atopámonos con distintas problemáticas en numerosos centros da comunidade galega que afectan na maioría dos casos á redución de efectivos de profesorado especialista, ademais das insuficiencias dos servizos complementarios. Estas incidencias están sendo denunciados polos representantes das ANPA e os equipos directivos que o achacan á falta de compromiso e de responsabilidade da consellería de Educación cara á situación dos centros públicos de educación.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de desleixo cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, se atopa indignada por non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir desde comezo do curso.

A ANPA Beiramar do CPI Atios de Valdoviño vén de reclamar insistentemente que a Consellería de Educación cubra as deficiencias que neste momento están a sufrir no desenvolvemento da actividade académica, focalizada na dotación de recursos docentes e no servizo de comedor.

No primeiro caso, denuncian que a Consellaría está a incumplir as súas propias promesas xa que non se incorporou o docente de apoio para o ciclo de Infantil que lles correspondería, e que se cubra a praza do docente de Pedagogía Terapéutica, que está vacante desde finais do pasado curso.





No caso do servizo de comedor, denuncian que debido ao reducido número de prazas, non se garanta o acceso ao servizo de comedor no CPI Atios por parte dos nenos e nenas residentes en Valdoviño; neste momento 18 alumnos empadroados queden fóra mentres outros estudantes doutras localidades asisten a este servizo fundamental para a conciliación coas actividades laborais dos pais e nais. Piden, por tanto, que a Xunta incremente as prazas para que todo o alumnado que o precise poida utilizar o servizo. Piden ademais que a Xunta recupere a gratuidade do comedor para o alumnado que está obrigado a utilizar o comedor do centro pola ausencia de transporte público, como é o caso dos residentes en Loira, Pantín, Vilarrube e Vilaboa, e tamén, para aquelas familias que solicitaron praza nas unitarias e quedaron fóra non se vexan obrigadas a abonar a contía máxima do copago.

Ante estas solicitudes, a Consellería de Educación, a través do seu delegado territorial, ignora as peticións de reunión trasladadas e nin sequera se poña ao teléfono para abordar a situación, máxime cando acudía recentemente ao propio centro sen falar cos pais e nais e buscar solucións.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está dotado adecuadamente el CPI de Atios de Valdoviño en profesorado de apoio e especialista en PT?
2. Que medidas adopta a Xunta de Galicia para garantir que todos os nenos e nenas que precisan comedor residentes en Valdoviño poidan utilizar o comedor do CPI Atios?
3. Que tipo de axudas están dispoñibles para os estudantes que non dispoñen de servizo de transporte público e se ven forzados a utilizar o servizo de comedor?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:31:29
Nº Rexistro: 16239
Data envío: 07/01/2025 11:31:29.353

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 18:22:37

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 18:22:48

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57929

@PSdeG



CSV: B6P5TRBQ3-VY8QUJ8Z3-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

A Xunta de Galicia desenvolve unha política de apoio ás familias que favorece o acceso de todas as persoas aos estudos universitarios. De feito, o Goberno galego foi pioneiro en propostas como a conxelación dos prezos da universidade hai xa máis dunha década, unha medida que permite un aforro anual ás familias de entre 16 e 20 millóns de euros.

Para seguir avanzando nesta dirección, a Xunta de Galicia desenvolveu, en tempo récord, a bonificación dos prezos da matrícula universitaria, tanto para o alumnado que inicia estudos como para o que continúa e supere un número mínimo de créditos.

Galicia xa é a primeira comunidade que permite cursar un grado de xeito gratuíto desde o primeiro ao último curso. Esta proposta únese a todas as impulsadas estes anos para asegurar a excelencia e facilitar o acceso a todas as persoas.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora a Xunta de Galicia o desenvolvemento da proposta de gratuidade da matrícula universitaria?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2025 11:28:08

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 11:28:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 11:28:31

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 11:28:43

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 11:28:52

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 11:29:01

Patricia García González na data 07/01/2025 11:29:10

Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 11:29:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 11:29:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

A principios de ano, a Xunta de Galicia publicou un protocolo para regular o uso dos móbiles nos centros educativos durante o tempo de lecer. Con esta medida, a Administración autonómica ampliou á totalidade da xornada escolar a limitación do uso de teléfonos e dispositivos electrónicos, que xa estaba vixente no interior das aulas desde 2015.

Esta decisión foi tomada despois de varias reunións coa comunidade educativa e logo de constatar que a proposta—que xa se aplicaba de facto en máis do 75% dos centros— repercutía positivamente na convivencia escolar.

A decisión tomada polo Goberno galego non se pode entender de xeito illado, é un paso máis cara un modelo promovido polo Partido Popular para que se aproveiten as potencialidades das novas ferramentas tecnolóxicas dun xeito saudable e seguro.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o balance que realiza a Xunta de Galicia sobre a aplicación do protocolo que regula o uso dos móbiles nos centros educativos durante o tempo de lecer?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2025 11:39:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 11:39:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 11:39:40

Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 11:39:54

Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 11:40:07

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 11:40:19

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 11:40:33

Patricia García González na data 07/01/2025 11:40:47

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 11:41:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Victor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Cada ano, centos de miles de alumnos que queren iniciar estudos nunha universidade pública española deben realizar os exames de avaliación para acceder á universidade (ABAU) para conseguir unha das prazas. A pesar de que o noso país funciona como un distrito universitario único, no que calquera alumno pode solicitar unha praza nunha universidade pública española, as probas que dan acceso a ela son diferentes en función do territorio no que se desenvolven.

Cada Comunidade Autónoma elabora os exames da ABAU baixo estándares metodolóxicos, de esixencia e de avaliación diferentes, o que na práctica supón dezasete portas de acceso distintas para unha mesma praza. A todas luces este modelo non atende ao mérito nin á capacidade, vai en detrimento da calidade e da excelencia do sistema educativo e provoca desigualdades entre o conxunto dos cidadáns.

Diante da inacción e dos constantes cambios e retrasos do Ministerio de Educación, o presidente nacional do Partido Popular e as comunidades nas que a nosa formación política ten a responsabilidade de goberno vén de asinar un acordo histórico entre gobernos autonómicos. En concreto, catorce comunidades autónomas nas que goberna o Partido Popular, entre elas Galicia, pactaron desenvolver un modelo de avaliación homologable a todas elas para acceder á universidade.

Esta acordo –que se deberá desenvolver con todos os actores implicados para poder implantarse o próximo curso— servirá para manter a equidade e a non discriminación por razón de territorio e garantirá a igualdade de oportunidades de todos os estudantes.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora a Xunta de Galicia a situación actual dos exames de avaliación para acceder á universidade (ABAU)?





Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 11:50:53

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2025 11:51:15

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 11:51:29

Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 11:51:37

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 11:51:49

Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 11:52:02

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 11:52:13

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 11:52:25

Patricia García González na data 07/01/2025 11:52:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Jose Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Raúl Santamaría González, Julio García Comesaña e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

O 11 de outubro de 2023, a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino asinaron un acordo histórico con medidas para continuar mellorando o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente en Galicia ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Có compromiso de blindar a educación galega como un dos mellores sistemas de España, a Xunta de Galicia acordou avances en ámbitos como as rateos de estudantes por aula, a carreira profesional docente ou a simplificación das tarefas administrativas.

En definitiva, toda unha batería de medidas dirixidas a seguir reforzando a atención ao alumnado coas que Galicia sentou as bases para a ensinanza da próxima década e para seguir sendo referentes neste eido os próximos anos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Cales están sendo os primeiros resultados do acordo sindical asinado pola Xunta de Galicia para a mellora estrutural do sistema educativo galego?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2025 12:03:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 12:04:34

Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 12:04:41

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 12:04:50

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 12:04:59

Patricia García González na data 07/01/2025 12:05:11

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 12:05:25

Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 12:05:48

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 12:06:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Jose Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Raúl Santamaría González, Julio García Comesaña e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Este verán a Xunta de Galicia vén de dar un novo impulso ao seu compromiso coa mellora das infraestruturas educativas. En concreto, aproveitando o peche dos centros educativos durante os meses estivais, o Goberno galego realizou 535 pequenas obras de mellora en 389 centros educativos de todo o territorio galego, cunha dotación económica superior aos 12 millóns de euros. Todas elas están enmarcadas no Plan de Benestar e Accesibilidade na Escola, BEN_Estar 2024, que abrangue melloras en cubertas, aseos, ventás ou instalación de ascensores e que nace dentro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica de Galicia, a folla de ruta máis ambiciosa impulsada polo Goberno galego para a actualización da rede de centros educativos.

En concreto, desde o ano 2021, a Xunta de Galicia está investindo máis de 243 millóns de euros para desenvolver rehabilitacións integrais, cambios de cubertas, substitucións de fiestras, renovación de luminarias, instalación de caldeiras ou de paneis solares ou instalacións fotovoltaicas. As infraestruturas educativas son fundamentais para a prestación dun servizo educativo de calidade, equidade e igualdade, termos que desde o Partido Popular consideramos que deben marcar a dirección das políticas educativas de Galicia.

Galicia ten unha das redes máis importantes de centros educativos repartidos polas catro provincias galegas e presentes no 90% dos concellos. Un importante sistema que precisa dunha constante adaptación ás novas realidades educativas, sociais e tecnolóxicas.

O Grupo Parlamentario Popular recoñece que a Consellería de Educación, FP e Universidades ten como prioridade manter e mellorar os centros educativos de Galicia, unha tarefa para a que o Goberno central non ten en marcha ningún plan específico.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Cal é a valoración da Xunta de Galicia das políticas de mellora da rede de infraestruturas educativas?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2025 12:14:53

Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 12:15:04

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 12:15:18

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 12:15:32

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 12:15:40

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 12:16:00

Patricia García González na data 07/01/2025 12:16:11

Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 12:16:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 12:17:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o acceso á docencia en 6 especialidades de FP sen mestrado de profesorado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o curso 2023-24 e no inicio do curso 2024-25, debido á falta de profesorado nalgúñas especialidades, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditou distintas resolucións polas que se convocaron procedementos para a elaboración de listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diferentes corpos e especialidades. En xaneiro de 2024, convocáronse procedementos selectivos de acceso a distintos corpos docentes e especialidades. Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso destes procedementos selectivos, procedeuse a actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, incorporando ás listas todas as persoas que superaron a primeira proba ademais das que, sen superala, tiñan a formación adecuada en cada especialidade.

Malia isto, nalgúñas especialidades o persoal dispoñible é moi reducido, provocando que, moitas veces, se acumulen vacantes docentes sen cubrir dando lugar a que haxa alumnado que ve interrompido o seu proceso formativo.

Neste intre, o alumnado de 6 especialidades da Formación Profesional levan todo o que vai de curso sen ter os coñecementos teóricos e prácticos precisos para poder comezar as prácticas no mes de marzo, como son:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Informática
- Sistemas Electrónicos
- Sistemas Electrotécnicos e Automáticos
- Instalacións Electrotécnicas
- Sistemas e Aplicacións Informáticas
- Equipos Electrónicos.

A Consellaría de Educación trasladou ás organizacións sindicais a posibilidade de abrir unha excepción na contratación de persoal interino diante das enormes dificultades para conseguir que se cubrisen vacantes nestas especialidades, co trastorno que isto implica para o estudantado. Na última Mesa Sectorial a administración presentou un documento que facilitaría a contratación de docentes coa titulación pero sen o mestrado en Educación e Pedagogía sempre despois daquelas persoas que cumpren todos os requisitos da norma.

Malia que as organizacións sindicais estean de acordo coa provisionalidade desta medida, este novo procedemento excepcional non permitirá ter unha listaxe de persoas docentes para novas interinidades e substitucións ata avanzado o mes de febreiro, ocasionando un grave prexuízo ao alumnado destas especialidades que chegarán ás prácticas en marzo sen os coñecementos precisos para asumir esta etapa fundamental dentro das empresas. Menos dun mes de clases teóricas non pode substituír a case dous trimestres sen impartir a materia precisa.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que medidas vai tomar a Consellaría de Educación para que o alumnado de FP nas especialidades de Informática, Sistemas Electrónicos, Sistemas Electrotécnicos e Automáticos, Instalacións Electrotécnicas, Sistemas e Aplicacións Informáticas e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Equipos Electrónicos, poidan realizar as prácticas con garantía de coñecementos e capacidade??

- Que accións vai executar a Consellaría de Educación para cubrir as prazas vacantes das especialidades afectadas na maior brevidade posible facéndoas máis atractivas ás posibles persoas aspirantes??

- Que medidas van implementar a Consellaría de Educación, xunto coa SUG para dotar de maior número de prazas nos másters para profesorado??

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 07/01/2025 12:18:09

Daniel Castro García na data 07/01/2025 12:21:38





A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

As infraestruturas educativas son unha parte esencial para garantir un ensino de calidade e proporcionar aos estudantes as condicións axeitadas para o desenvolvemento dos seus estudos. A modernización e creación de novos espazos académicos é clave para afrontar os retos actuais e futuros do sistema educativo galego.

Tendo en conta esta realidade, é importante a construción da nova Facultade de Farmacia, unha infraestrutura necesaria para mellorar a formación no ámbito sanitario, un sector de vital importancia para a sociedade.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cal é a inversión prevista para a construción da nova Facultade de Farmacia?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 07/01/2025 12:24:30

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 12:24:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 12:24:54

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 12:25:04

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 12:25:15

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 12:25:28

Patricia García González na data 07/01/2025 12:25:45

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 12:26:29

Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 12:26:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Desde hai unha década está vixente a Lei Valentín Paz Andrade (LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía). Desde o Grupo Popular apoiamos a probación desta lei porque entendemos que era unha ferramenta útil para avanzar no aproveitamento das vantaxes competitivas de Galicia desde o punto de vista lingüístico e cultural e, tamén, reforzar os lazos con Portugal e a lusofonía.

De xeito progresivo, nestes anos o portugués consolidouse como unha das linguas estranxeiras que escollen os estudantes, cumprindo co obxectivo marcada na lei de incorporar progresivamente a súa aprendizaxe nos centros educativos galegos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral:

Como valora o valora a consolidación do ensino do portugués como lingua estranxeira en Galicia?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 12:31:22

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2025 12:31:44

Patricia García González na data 07/01/2025 12:32:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 12:32:17

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 12:32:32

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 12:32:50

Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 12:33:05

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 12:33:26

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 12:34:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Ariadna Fernández González e Sonia Vidal Lamas, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o Acordo de libre comercio UE-MERCOSUR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de decembro asinábase o Acordo entre MERCOSUR e a Unión Europea. Este Acordo está a causar unha fonda preocupación no sector agrogandeiro galego polas graves repercusións que van ter no sector a entrada de produtos agrarios procedentes de América do Sur, e especialmente no sector avícola e de carne vacún.

Segundo as cifras publicadas, este Acordo suporá a entrada de 99.000 Tm de carne de vacún e 180.000 Tm de aves e 45.000 Tm de mel anuais procedentes do MERCOSUR sen aranceis. En Galiza prodúcese anualmente 95.600 Tm de carne de vacún, das cales 23.000 Tm están amparadas pola indicación xeográfica TG, 215.000 Tm de aves e 2.700 Tm de mel. Se comparamos coa produción de Galiza vemos que este acordo supón a entrada dun volume de carne na UE similar a produción anual de Galiza; e o que é mais grave sen cumprir ningún dos requisitos esixíbeis a gandería galega. No caso da mel supón case o dobre da produción total de todo o estado español, que produciu 27.400 Tm.

O Acordo permitirá, polo tanto, a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer o noso mercado, así, favorece o monocultivo e especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado a miles de quilómetros. Prácticas completamente contrarias á descarbonización, a recuperación da biodiversidade natural, a soberanía alimentar e o consumo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produtos de proximidade. É preciso tamén destacar que os cultivos e cría de gando son realizados en condicións moi diferentes, pois permítense unhas prácticas -uso de pesticidas, antibióticos, pensos...- nos que non se aplican os mesmos estándares que na Unión Europea e os controis en orixe non son os mesmos.

Tamén é preciso ter en conta que as condicións laborais que, en moitos casos, padece a man de obra que non garante salarios e condicións dignas.

Así, en primeiro lugar, debera favorecerse o consumo de produtos locais e sen transporte, os chamados de “km 0”, limitando a importación de produtos non necesarios de forma masiva, para en segundo lugar exixir o cumprimento de certos mínimos ou estándares dos produtos para asegurar tamén a igualdade competitiva dos produtores e gandeiros da Galiza.

Ante esta situación, ao BNG sorpréndenlle as declaracións da conselleira do Medio Rural María José Gómez, o pasado decembro no que indicou que amosa a súa “preocupación” polas posibles consecuencias do acordo no sector agrogandeiro galego. Indicou que o tratado supón “un novo reto” do que se descoñecen as implicacións reais no campo.

A conselleira só se limitou a dicir que teñen solicitado ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas, a convocatoria dunha conferencia sectorial urxente para tratar de esclarecer o impacto que MERCOSUR vai ter no eido primario.

Palabras pouco alentadoras e pobres da responsábel de Medio Rural ante un acordo UE-MERCOSUR que pode afectar gravemente a gandería de vacún de carne e avícola galega; así como tamén ao sector apícola e polo tanto a unhas producións agrarias moi importante en amplas zonas do noso territorio; sobre todo na montaña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Coñece a Xunta de Galiza o Acordo UE-MERCOSUR?
- Fixo o goberno galego algunha análise das consecuencias deste Acordo para o sector agrogandeiro galego?
- É consciente a Consellaría do Medio Rural do perigo deste Acordo para o sector agrogandeiro galego especialmente vacún de carne, avícola e apícola?
- Parécenlles adecuadas e suficientes a Xunta de Galiza as declaracións da conselleira do Medio Rural na que so mostra a súa preocupación polo Acordo e nas que asegura que se descoñecen as implicacións reais do Acordo?
- Como se vai posicionar o goberno galego ante este Acordo?
- Que medidas vai tomar o goberno galego para salvagardar as producións agrogandeiras galegas ante a ameaza que supón este Acordo?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 07/01/2025 12:49:02

Sonia Vidal Lamas na data 07/01/2025 12:49:05

Secundino Fernández Fernández na data 07/01/2025 12:49:13





A Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Non cabe dúbida da importancia de coñecer linguas estranxeiras nunha sociedade cada vez máis global e conectada. As linguas son fundamentais para facilitar as relacións entre os cidadáns, máis tamén permiten o acceso á información e o coñecemento, son unha fonte de oportunidades profesionais e laborais, permiten comprender outras culturas e, incluso, fomentan o entendemento entre sociedades e países.

Edulingüe 2030 supón a continuidade e a consolidación dos programas de éxito levados a cabo na última década pola Xunta de Galicia que, ademais, inclúen novos retos de calidade vinculados á inclusión e á innovación educativa e á internacionalización, artellados en dez liñas de acción específicas con obxectivos como:

- Promover a mobilidade internacional, a cooperación educativa con outros países e o desenvolvemento de políticas lingüísticas como ferramenta para a internacionalización educativa.
- Acadar habilidades para comunicarse en múltiples idiomas e establecer relacións internacionais persoais e profesionais duradeiras.
- Fomentar a internacionalización entre o alumnado e as súas familias, como eixe transformador da sociedade, para o enriquecemento e desenvolvemento persoal, académico e profesional.
- Favorecer a empregabilidade e a mobilidade do alumnado ao remate da súa formación académica.
- Apreciar a diversidade cultural e fomentar no alumnado o interese polos idiomas e a comunicación intercultural, a través da aprendizaxe doutras linguas.





- Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade na aprendizaxe e uso das linguas, durante toda a vida, de acordo cos obxectivos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a Xunta de Galicia as liñas de actuación en materia de linguas estranxeiras no ensino?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 12:50:28

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2025 12:50:43

Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 12:50:59

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 12:51:10

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 12:51:22

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 12:51:38

Patricia García González na data 07/01/2025 12:52:03

Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 12:52:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 12:52:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación das instalacións no CEIP de Santiago de Oliveira en Pontearreas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobra coñecida pola Dirección Territorial de Educación en Pontevedra a situación na que se atopan as instalacións do CEIP de Santiago de Oliveira en Pontearreas. Un centro no rural do concello que mantén a súa matrícula dende hai moitos anos arredor dos 100 alumnos.

As súas instalacións datan dos anos 80 e ademais de precisar obras de eficiencia enerxética, este centro non contou nunca cun ximnasio para realizar as materias de Educación Física e Psicomotricidade.

A Dirección do centro mantivo unha reunión en Pontevedra a comezos de 2023 para tratar este importante tema para a comunidade educativa, e tras o compromiso da Xefatura Territorial nese intre, a Unidade Técnica achegouse ao centro para facer as medicións necesarias na zona onde serían construídas as instalacións para o ximnasio, un almacén e os baños (un deles para mobilidade reducida).

Esta construción non chegou nunca a facerse, nin a mostrar o proxecto ou planos do deseñado á dirección do centro, profesorado e ANPA. Esta ten solicitado unha reunión co Director Territorial a comezos do presente curso escolar pero non foi atendida nin contestada ata o de agora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero o edificio principal tamén precisa de obras de eficiencia enerxética que inclúe novas ventás coas súas correspondentes persianas, rematar a colocación dos falsos teitos (quedan pendentes algunhas aulas), illamento axeitado ou un novo sistema de calefacción máis sostible, limpo e eficaz.

A estas obras, xa importantes en si mesmas, habería que engadirlle melloras para dispoñer de instalacións das que agora carecen ou a reforma doutras como baños, salas de servizos específicos (audiovisuais, salón de actos...), ou dotar ao centro da accesibilidade que establece a normativa.

Polo tanto, hai numerosas reformas (que non mantemento, e polo tanto responsabilidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP) que son precisas acometer de xeito inmediato e outras que deben axustarse a unha planificación a medio prazo a fin de poder conseguir incluso fondos europeos que permitan asumir todo o investimento necesario.

Nos centros do rural aínda é máis urxente asumir estes investimentos para consolidar a matrícula e poder ofertar todos os servizos complementarios que as familias precisan para conciliar a vida familiar e laboral. No caso deste CEIP é recente o servizo de comedor escolar que foi demandado nos últimos anos polas familias e que está a xestionar a súa ANPA, isto supuxo mudar de habitáculo a Biblioteca Escolar e dispoñer de menos espazo para as actividades lectivas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que criterio adopta a Consellería de Educación para decidir en que centros se realizan proxectos de eficiencia enerxética ou outras obras maiores?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o tipo de planificación que realizan dende a Dirección Territorial de Educación en Pontevedra para ter en conta as obras que se precisan nos centros educativos e que criterios se usan para establecer prioridades?

- Cando van realizarse as obras de construción do ximnasio do CEIP de Santiago de Oliveira e porque levan décadas sen planificar xunto con outros moitos centros educativos do rural galego?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 07/01/2025 12:50:17

Daniel Castro García na data 07/01/2025 12:52:55





A Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

A mellora continua do convivencia escolar é unha liña prioritaria de acción da Xunta de Galicia que traballa no convencemento de que non pode haber calidade educativa sen unha atención adecuada ao clima escolar e ao coidado do benestar emocional de toda a comunidade educativa.

A Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 é a folla de ruta que o Goberno galego desenvolve co obxectivo que cada alumna e cada alumno, en cada centro docente galego e en todas as etapas educativas, sexa quen de desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades nun clima de cooperación, respecto e tolerancia.

Os resultados, recollidos nos diversos informes de diagnose da convivencia, demostran que os avances nesta materia son firmes e continuos, aínda que sempre quede moito por facer.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a Xunta de Galicia o desenvolvemento da Estratexia Galega de Convivencia Escolar?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2025 12:59:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 12:59:42

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 12:59:52

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 12:59:59

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 13:00:16

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 13:00:25

Patricia García González na data 07/01/2025 13:00:38

Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 13:00:51

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 13:01:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

A Estratexia para a Educación Dixital 2030 pretende fomentar o ecosistema educativo dixital e perfeccionar as competencias e capacidades dixitais das comunidades educativas mediante a actuación nos ámbitos do alumnado, profesorado, familias, centros educativos e comunidade educativa en xeral. Con esta folla de ruta o Goberno galego busca, entre outros retos:

- Reforzar un modelo híbrido no ensino, que combine ensino dixital e tradicional, garantindo as competencias ao alumnado.
- Avanzar nunha cidadanía dixital plena, que asegure que ninguén quede atrás por carecer de competencias dixitais.
- Defender os dereitos e os deberes dixitais, a convivencia dixital pacífica e loita contra a desinformación a través do pensamento crítico.
- Atallar a fenda dixital.
- Ou facer fronte ao reto demográfico de consolidación da poboación en contornos rurais.

A través desta folla de ruta, a Xunta de Galicia desenvolve programas consolidados e de gran éxito como E-Dixgal, plans de formación ou os Polos Creativos, xa presentes en todos os centros educativos galegos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora o desenvolvemento da Estratexia de Educación Dixital 2030?





Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2025 13:09:14

Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2025 13:09:29

José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2025 13:09:52

Raúl Santamaría González na data 07/01/2025 13:10:10

Julio García Comesaña na data 07/01/2025 13:10:22

Patricia García González na data 07/01/2025 13:10:33

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2025 13:10:42

Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2025 13:10:49

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2025 13:11:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Máis de oito anos levan loitando, en Ourense, as familias de persoas con discapacidade, para que a Xunta de Galicia constrúa e poña en funcionamento un centro de atención para persoas con discapacidade, de titularidade e xestión pública directa, do que xa dispoñen o resto de provincias galegas.

Loitan, estas familias, polo dereito das persoas con discapacidade ou diversidade ao recibir atención nun centro público de calidade terapéutico-ocupacional preto das súas casas, sen ter que desprazarse de provincia. E co fin das persoas con diversidade ou discapacidade acaden os mesmos dereitos para os seus fillos/as que o resto de galegos/as.

Nestes momentos e despois de moitos atrancos rematouse a construción do mesmo no barrio de Barrocás.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos distintas iniciativas para que o Goberno galego se comprometera dunha vez por todas que a xestión do CAPD sexa público e de xestión directa pero despois de dar a calada por resposta a conselleira de Política Social avanzaba nunha entrevista a finais de decembro que en vindeiros Consellos da Xunta de Galicia se aprobará a licitación para a xestión do novo Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional mediante a licitación da xestión para unha entidade sen ánimo de lucro.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 13:31:09
Nº Rexistro: 16281
Data envío: 07/01/2025 13:31:09.368

A decisión da Xunta de Galicia non responde as expectativas da plataforma e supón unha nova discriminación para a provincia de Ourense, dado que o resto de provincias galegas dispoñen dun centro destas características de xestión pública e directa.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a reconsiderar a Xunta de Galicia a decisión de licitar a xestión do CAPD para unha entidade sen ánimo de lucro?
2. Vai garantir a Xunta de Galicia as familias das futuras persoas usuarias que a xestión do CAPD será pública e de xestión directa?

Santiago de Compostela, a 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/01/2025 13:28:24

Silvia Longueira Castro na data 07/01/2025 13:28:33

Elena Espinosa Mangana na data 07/01/2025 13:28:41

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57961

@PSdeG



CSV: B6P5TRB3j054U63002-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonzo e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a regulación do dereito de opción de traslado ao RETA das profesionais da avogacía e procuradoría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de xullo de 2023 na Comisión 1ª do Parlamento de Galiza aprobouse por unanimidade unha proposición non de lei do grupo parlamentario do BNG pola se instaba ao Goberno do Estado a realizar as actuacións e modificacións normativas necesarias para establecer unha “pasarela” voluntaria ao RETA para as profesionais da avogacía e procura que pertencen ou pertencen a unha mutualidade, como sistema de cobertura social alternativa á Seguridade Social. Contemplan a aplicación do complemento a mínimos, no caso dos mutualistas pasivos. Evitar a equiparación fiscal do rescate dos dereitos económicos das mutualistas alternativas cun plan de pensións complementario, e mellorar as condicións de xubilación parcial das profesionais da avogacía e da procura.

Esta mesma iniciativa foi aprobada, en termos substancialmente idénticos, pola práctica totalidade dos Parlamentos Autonómicos, en numerosas Deputacións e Concellos de todo o Estado.

Existe pois unha consciencia xeneralizada e uniforme do inxusto da precaria cobertura social das profesionais da avogacía e da procura “afiliadas” á mutualidade profesional como sistema de protección alternativo á Seguridade Social. Adscrición que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inicialmente era obrigatoria e posteriormente foi “optativo” -opción ás veces ilusoria, outras con grave prexuízo patrimonial, e na meirande parte dos casos con información enganosa ou inexacta-.

Existindo consenso na necesidade de abordar con urxencia a situación da cobertura social de moitos profesionais que, tras unha longa carreira de cotización ou ben non poden xubilarse, ou o están a facer con prestacións económicas de 300 ou 400€ mensuais e non actualizábeis -contías notablemente inferiores ás das PNC-; segundo as novas que transcenden por diferentes medios, mesmo por manifestacións directas da propia ministra inclusión, seguridade social e migracións, a regulación que se contempla non serviría para dar solución ao grave problema das profesionais que están ou estiveron adscritas ás mutualidades profesionais como sistema de cobertura alternativa ao público, tampouco daría cumprimento aos pronunciamentos da práctica totalidade dos parlamentos do Estado.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Entende a Xunta de Galiza razoábel o recoñecemento de prestación de xubilación en contía inferior á dunha PNC, após dunha carreira de contribución de 30 ou 40 anos?

Considera a Xunta de Galiza que, a efectos fiscais, procede a equiparación entre as achegas realizadas á mutualidade profesional como sistema alternativa ao RETA cun plan de pensións complementario?

Estima a Xunta de Galiza procedente permitir o traslado, voluntario ao RETA da Seguridade Social dos dereitos económicos que son titulares nas mutualidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profesionais, previa ponderación dos períodos e achegas realizadas e dereitos dos que son titulares?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/01/2025 13:36:42

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/01/2025 13:37:38

Óscar Insua Lema na data 07/01/2025 13:37:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta estude a creación dun Consorcio público do que formen parte a administración autonómica, as entidades locais e as universidades para a capacitación e as competencias dixitais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai xa anos, a sociedade galega viu como a necesidade de estar conectado e ter uns coñecementos medios sobre o mundo dixital é cada vez máis importante. A pesar desta realidade e por desgraza, vemos como segundo o CES (Memoria 2022), Galiza é a comunidade con menor grao de dixitalización (conectividade, capital humano e uso das TIC), xunto con Estremadura, Castela-A Mancha, Castela e León e Cantabria. Só recibe formación en Tecnoloxías da Información e Comunicación o 14,1% das persoas empregadas. Así, Galiza era a 4ª CCAA con menor porcentaxe en 2021.

Ante esta realidade obxectiva faise cada vez máis necesario que o goberno galego teña unha aposta decidida pola capacitación e alfabetización dixital mediante políticas públicas que impliquen a todos os actores como a propia Xunta de Galicia, os concellos e as universidades públicas galegas. O obxectivo central desta estratexia sería a de reforzar as competencias dixitais das empresas, con especial atención ás PEMES, ás persoas autónomas, ás profesionais e en xeral ás persoas traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Entende a Xunta de Galiza que o nivel de dixitalización de Galiza é o axeitado?
- Cales van ser as políticas que vai levar a cabo a Xunta de Galiza para mellorar os datos de dixitalización dos galegos e galegas?
- Está disposta a Xunta de Galiza a estudar a creación dun Consorcio público para a capacitación e as competencias dixitais do que formen parte a administración autonómica, as entidades locais e as universidades públicas galegas?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 07/01/2025 13:42:10

Daniel Castro García na data 07/01/2025 13:42:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª,** sobre os criterios para o outorgamento de autorizacións para o estacionamento de turismos particulares no espazo reservado para vehículos oficiais, na rúa Ramón Cabanillas de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente unha boa parte das dependencias administrativas da Xunta de Galiza en Ourense se ubican no edificio situado na confluencia das rúas Avenida Habana e Ramón Cabanillas. Entre os moitos servizos contidos no referido edificio administrativo se sitúa a oficina de atención á cidadanía e rexistro o que provoca unha importante afluencia de persoas que se desprazan para realizar consultas, xestións ou presentar documentación.

As posibilidades de estacionamento na contorna do edificio administrativo son escasas toda vez que a rúa da Habana os ten limitados a “carga e descarga” e porque na rúa Ramón Cabanillas -treito entre a Habana e Celso Emilio Ferreiro- aproximadamente unha terceira parte do espazo de estacionamento esta restrinxindo a “vehículos oficiais”, estando a restantes reservadas a zona ORA.

Á demanda ordinaria de prazas de estacionamento, consecuencia da situación do edificio administrativo e dos servizos e centros escolares e académicos próximos, viuse incrementada nos últimos meses polas intervencións realizadas polo Concello de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense nas rúas do centro da cidade que provocaron a eliminación, cando menos temporal, de prazas de estacionamento.

A realidade é que as prazas reservadas a “vehículos oficiais” están diariamente ocupadas non por turismo da Administración Autonómica senón por vehículos particulares de persoal de confianza ou libre designación. Estase a privar á cidadanía de posibilidades de estacionamento nunha zona de alta demanda e escasas oferta en beneficio de determinados particulares que non só dispoñen dun espazo reservado para o aparcamento do seus vehículos particulares, senón que tamén evitan pagar a taxa por estacionar en zona ORA.

Considerando que a eventual concesión destes privilexios e beneficios a determinados particulares sobre o estacionamento, en prexuízo da cidadanía de Ourense en xeral que ve restrinxidas as súas posibilidades de estacionamento -mesmo tendo que pagar por facelo – nun espazo necesario para a realización de trámites de administrativos, solicitar asesoramento ou achegar documentación ás administracións públicas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza que pode ter a consideración de vehículo oficial un turismo de titularidade e uso particular?

Cantas autorizacións ten expedido a Xunta de Galiza para o estacionamento de vehículos particulares en espazos reservados a vehículos oficiais?

Cales son os concretos postos de traballo que ocupan as beneficiarias dese dereito exclusivo de estacionamento en espazo público?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza a reserva de espazos de estacionamento, mesmo de balde, a favor de persoal asesor e de confianza supón unha discriminación respecto das demais traballadoras destinadas no mesmo edificio administrativo, así como e da cidadanía en xeral?

Ten cuantificado o custe económico da reserva dese espazo que maioritariamente se esta utilizar para o estacionamento de vehículos particulares?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/01/2025 13:45:15

Noa Presas Bergantiños na data 07/01/2025 13:45:19

Paulo Ríos Santomé na data 07/01/2025 13:45:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o plan do Goberno galego sobre a reforma da planta municipal en Galiza e ao apoio das mancomunidades e consorcios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente lexislatura dou comezo coa publicación mediática do anuncio do goberno galego de que buscará a redución do número de concellos en Galiza nestes vindeiros catro anos. A Directora Xeral da administración local manifestaba que antes do verán terá lugar un congreso onde se exporán as conclusións dos estudos realizados polas universidades galegas, os concellos e varios expertos, ademais do informe encargado á Fundación Juana de Vega no ano 2021 para analizar a reforma da planta municipal.

Nos últimos tempos tan só se rexistraron catro fusións de municipios no noso país, a fusión de Cerdedo-Cotobade no 2016, a de Oza-Cesuras no ano 2013, a da Pontenova, como froito da unión de Vilameá e Vilaoudriz en 1963 e a de Ramirás, xurdida pola converxencia de Freá de Eiras e Vilameá en 1926. Fronte a esas catro fusións, ademais de algunha que outra absorción, xurdiron trece novos municipios por división doutros (Vilarmaior, Cariño, Rábade, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín, Burela, Punxín, Carballeda de Avia, O Rosal, Fornelos de Montes, Mondariz-Balneario, Pontecesures e A Illa de Arousa).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As medidas adoptadas ata o momento, tanto por gobernos do partido popular no Estado, a través da aprobación de leis para impulsar as fusións de concellos de forma voluntaria, como a Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, ou moito antes a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local no estado español, ou polo goberno galego, a través do artigo 59 da Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para reformar o artigo 13 da Lei da Administración Local de Galiza, mediante o cal aprobaban novas medidas de fomento das fusións ou incorporacións voluntarias a outros, non foron nin atractivas para incentivar as fusións, nin foron operativas e eficaces, polo que podemos falar dun absoluto fracaso da planificación da Xunta nesta materia.

O que para a Xunta de Galiza foi un éxito, as fusións de Cerdedo-Cotobade e de Oza-Cesuras, para os demais foi un auténtico fracaso, pois a suprafinanciación coa inxección de pecunio por varias vías ou condonacións das débedas, non serviron nin para o obxectivo básico de calquera fusión, que é manter o número de habitantes produto da mesma, pois no caso de Oza-Cesuras, perderon case 100 habitantes dende 2013 e no caso de Cerdedo-Cotobade a sangría foi maior, ao perder máis de 400 persoas dende 2017, segundo datos do IGE. Ou ben os plans da Xunta non son o efectivos que procuran, ou ben os gobernos locais de ambos concellos non acertan a desenvolver esa segunda fase que apuntale os cimentos para a prosperidade, a pesar da choiva de miles de euros que lles caen nas mans.

Temos claro que algo hai que facer para mellorar o financiamento local e a eficacia das políticas e servizos que se prestan dende os concellos, para aumentar a autonomía municipal ou para facer medrar o poder negociador nas relación coas administracións supramunicipais. É preciso buscar a fórmula para gañar en capacidade e xestionar de forma eficiente os servizos públicos locais, ou para planificar estratexias e ordenacións cunha escala territorial e demográfica axeitada, evitando caer no localismo e no minifundismo. A metodoloxía para conseguir estes obxectivos, reducindo o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

número de municipios, que se utilizou en Europa nas últimas décadas pódese resumir en dous tipos de actuacións:

Por un lado a aprobación de leis que obrigaban aos concellos de menor poboación a asociarse, para garantir unha maior eficacia en prestación de servizos, ou ben os obrigaban a crear unha planta municipal cun ámbito competencial, organizativo e territorial diferente. Por outro lado utilizouse a vía de prestación de servizos de forma mancomunda ou consorciada.

Mais a nosa realidade galega desvela que as leis que se aprobaron para conseguir fins similares non obrigaban a nada, estaban basadas no incentivo económico e na voluntariedade dos concellos. E por outra banda, desvela que nin existiu nin existe interese por parte da Xunta de Galiza en potenciar outras entidades locais, en concreto as recollidas nos artigos 120 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galiza, dígase mancomunidades ou consorcios, fórmulas que sen dúbida son a posta en escena previa para comprobar empiricamente o funcionamento comarcal de determinados servizos antes de levar a cabo calquera fusión de gran alcance ou de máis de dous concellos.

A participación nos informes e estudos para analizar a reforma da planta local de entes como universidades, fundacións, expertos ou mesmo a FEGAMP é necesaria, por suposto, mais é fundamental que o Parlamento Galego como poder lexislativo que é teña o protagonismo que lle corresponde tanto na fase de estudo como na fase de elaboración da norma, máis alá de recibir as conclusións xa precociñadas que se van expoñer no congreso que supostamente está a organizar a Consellería de Presidencia.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o plan do goberno galego para reformar a planta local, seguir co mesmo patrón de sempre ou albiscan algunha nova solución de calado con perspectivas máis efectivas?

- Cal é a previsión do goberno galego sobre o número de fusións de concellos nesta lexislatura?

- Ten coñecemento o goberno galego dos estudos encargados a expertos, universidades e á fundación Juana de Vega? Están rematados ditos estudos e informes? Van a publicalos antes do congreso?

- O congreso que ten previsto organizar a Dirección Xeral da Administración local antes do verán, está xa organizado? E un congreso para reflexionar e debater as distintas opcións para a reforma da planta local ou só é para expoñer as conclusións que outros xa elaboraron?

- Vai a aumentar a partida económica nos orzamentos de 2025 para incentivar as fusións en Galiza? Canto vai aumentar?

- Van a potenciar dende o goberno galego as mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas que queiran aumentar a xestión de servizos de competencia local? Que plans ten o goberno para axudar a estas entidades supramunicipais?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 07/01/2025 13:52:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/01/2025 13:53:13





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16293
Data envío: 07/01/2025 17:16:35.716

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

1. Que funcións están desenvolvendo os auxiliares de policía local no Concello da Laracha, de conformidade coa Lei galega de coordinación de policía locais?
2. Nas funcións que veñen desempeñando os auxiliares de policía local en Laracha durante os últimos meses, contaron coa supervisión directa de algún/a titular de policía local da Laracha?
3. Os auxiliares de policía local da Laracha asinaron denuncias e levantaron actas por infraccións?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57975

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16293
Data envío: 07/01/2025 17:16:35.716

Patricia Iglesias Rey na data 07/01/2025 17:15:21

Paloma Castro Rey na data 07/01/2025 17:15:30

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

57976

@PSdeG



CSV: B6P5TRB9aWjWjCSu03-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As traballadoras das residencia privada de persoas maiores do Carballiño, xestionada pola empresa Gestmedical denunciaron o tipo de servizo que esta empresa, dedicada ao negocio das residencias públicas de persoas maiores, segundo afirman , chegando mesmo a minar seriamente a súa calidade de vida e a súa seguridade, incumprindo os ratios establecidos o efecto.

As familias tamén denunciaban situacións moi graves no centro de dependentes tales como humidades, carencia de calefacción, raciones escasas de comidas que provocaba a baixada de peso das persoas usuarias. etc.

Afirman as traballadoras prácticas irregulares en referencia ás traballadoras e traballadores na residencia de O Carballiño como dobrar quendas, non cubrir baixas de empregados incumprindo as ratios establecidas e atrasos nos pagos dos salarios. Concentrándose en diversas ocasións en protesta pola situación de sobrecarga de traballo e suposto acoso laboral.

A Xunta de Galicia tomou a decisión de intervir de urxencia despois de meses de protestas de persoas dependentes incorporando dez traballadores entre auxiliares e persoal de limpeza.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16295
Data envío: 07/01/2025 17:24:47,797

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Realizou a Xunta de Galicia inspeccións á residencia o Cornubal no Carballiño?
2. De ser positiva a anterior resposta, cando e realizaron e cal foi o resultado das mesmas?
3. Cantas denuncias recibiu a Xunta de Galicia sobre a situación que soportaban as persoas usuarias?
4. E sobre a situación laboral dos traballadores e traballadoras?
5. Como se chegou á grave situación descrita sen que a Xunta de Galicia actuara a pesar das denuncias existentes o respecto?
6. Que medidas adoptou a Xunta de Galicia con respecto a esta grave problemática dende que recibiu as denuncias e para garantir os dereitos dos traballadores e traballadoras?
7. E en relación as retribucións salariais non percibidas?

Santiago de Compostela, a 7 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/01/2025 17:22:27

Silvia Longueira Castro na data 07/01/2025 17:22:35

Elena Espinosa Mangana na data 07/01/2025 17:22:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57978

@PSdeG



CSV: B6P1S1RBD34k0d00a0q6z3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Castro García, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a situación da lingua galega na EGAP.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 24.º “A Escola Galega de Administración Pública encargarse da formación dos funcionarios a fin de que poidan usar o galego nos termos establecidos pola presente Lei”.

O Plan xeral de normalización lingüística, aprobado en 2004, establece as seguintes medidas en relación coa administración pública e coa EGAP:

1.1.8. Redeseñar os cursos de actualización técnica dos funcionarios de xeito que, fóra de casos extremos, esa formación técnica se dea en lingua galega.

1.1.9. Reforzar o papel da EGAP, creando nela un departamento que planifique a formación lingüística na súa actividade, de xeito que todos os cursos técnicos se dean en galego ou que, polo menos, reserven un 25% das clases para facilitarlles aos alumnos toda a terminoloxía técnica desa materia en galego, para facer prácticas de expresión técnica desa área en galego e garantir que a avaliación final certifique non só a competencia lingüística adquirida, senón tamén a actitude positiva ante a lingua.

A pesar disto, este 2024 é a primeira vez na historia que a Escola Galega de Administración Pública non convoca ningún acto para conmemorar o Día das Letras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegas, esquecendo un dos seus fins, que figuran na Lei 4/1987, modificada pola Lei 10/1989:

A difusión e a normalización do idioma galego na Administración Pública, a capacitación lingüística do persoal e maila participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

Alén disto, a formación en lingua galega da EGAP é cada vez máis reducida, ademais de que a docencia e os materiais didácticos dos diferentes cursos que imparte a EGAP cada vez se imparten máis en castelán.

A EGAP debería aplicar de xeito sistemático o criterio, establecido no PXNL, do uso prioritario da lingua galega. Ademais, debería establecer un plan para a planificación lingüística da súa actividade, tamén tal e como indica o PXNL.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Como valora o goberno galego a eliminación da conmemoración do Día das Letras Galegas por parte da Escola Galega de Administración Pública, que até agora se organizaran todos os anos, ininterrompidamente?

- De que datos dispón o goberno galego en relación co traballo no ámbito do uso e da promoción da lingua galega que fai a EGAP?

- A EGAP vai establecer algún plan para o incremento do uso da lingua galega na formación que imparte?

- A EGAP vai establecer algún plan de normalización do uso do galego na súa formación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O goberno galego ten previsto aplicar algunha estratexia para o cumprimento do Plan de Normalización Lingüística na EGAP?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Daniel Castro García,

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/01/2025 10:01:24

Iria Taibo Corsanego na data 08/01/2025 10:01:33

Mercedes Queixas Zas na data 08/01/2025 10:01:43

Daniel Castro García na data 08/01/2025 10:01:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o convenio da Xunta de Galiza co Consello da Avogacía Galega sobre asesoramento e orientación xurídica en materia de vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2020 a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na súa cualidade de Presidenta do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) asinou un Convenio de Colaboración co Consello da Avogacía Galega en virtude do cal este comprometíase a prestar gratuitamente un servizo de asesoramento e orientación xurídica ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias que se viran afectadas pola intrusión non consentida en vivendas, así como a elaboración dun informe sobre as consultas atendidas, con especificación da localidade, rúa e número de vivendas ocupadas. Así como á elaboración dunha guía informativa referida aos trámites de carácter administrativo ou xudicial cos dereitos e obrigas das persoas propietarias ou usufrutuarias ante tal situación. A duración do convenio estendíase ate o 31 de decembro de 2021 e polos referidos servizos o IGVS achegaría ao CAG a cantidade de 27.000 €.

En febreiro de 2022 ambas partes subscribiron novo Convenio incrementado os servizos a prestar ao asesoramento ás persoas en risco de perder a súa vivenda, e incrementando a achega para sufragar o custo deste servizo ate os 50.000 €.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2023 renovouse o Convenio ficando a contraprestación pola prestación do servizo nos 50.000 € do exercicio anterior, variando importe destinado aos conceptos que integraban a achega realizada pola Xunta.

Rematado a vixencia do anterior convenio o día 31 de decembro de 2023, no mes de febreiro do 2024 asinouse un novo convenio no que xunto obriga de remitir un informe trimestral sobre as consultas atendidas a persoas en risco de perder a vivenda e as propietarias que sufriran intromisión non consentida na súa vivenda, e malia que o importe da achega apenas subiu ate os 54.600 €, incluíuse tamén dentro do servizo a prestar polo CAG a realización da conciliación ou mediación legalmente exixida para a admisión xudicial de demandas nas que grandes tenedoras pretendan o desafiuamento de persoas en situación de vulnerabilidade.

A fin de poder analizar as situación que levaron a priorizar a subscripción destes convenios relegando a atención a outras materias e bens xurídicos de non menor importancia persoal e social, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cal é o número de procedementos penais ou civís tramitados nos órganos xudiciais galegos por intromisión non consentida de vivenda de persoa física en cada un dos anos que van entre 2015 e 2020, con expresa indicación do órgano xudicial de que se trate ou do concello no que se produciu a intromisión?

Cantas, en que datas e cal era o contido das consultas atendidas en virtude do convenio asinado entre o IGVS eo CAG no ano 2020, e cal era a concreta localidade da vivenda ocupada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantas, en que datas e cal era o contido das consultas atendidas en virtude do convenio asinado entre o IGVS eo CAG nos anos 2022 e 2023, e cal era a concreta localidade da vivenda ocupada e ou sobre a que existía risco de perda?

No Convenio recentemente asinado entre o IGVS e o CAG incluíuse a realización da preceptiva intermediación ou conciliación para a admisión a trámite de demandas de desafiuzamento de grandes tenedoras fronte á persoas en situación de vulnerabilidade, en base a que informes valorou a Xunta de Galiza o custe da prestación deste servizo en toda Galiza?

Contemplou a Xunta de Galiza a realización deste servizo por medio de recursos propios?

Considera a Xunta de Galiza importante fomentar a recurso a actos de solución pacífica de conflitos cando o desafiuzamento pode ser instando por persoas, físicas ou xurídicas, que non teñan a condición de grandes tenedoras?

Por que razón/s a a prestación de garda semanal no asesoramento ao que se refire nos diferentes convenios valorouse en 750 € no ano 2022, 820 € no 23 e 620 no 24??

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/01/2025 10:04:20

Óscar Insua Lema na data 08/01/2025 10:04:30





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

